As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento do presente Convenio se residenciarán no na orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade, asínase o presente documento, por duplicado exemplar, no lugar e data do encabezamento.

ANEXO I

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO PILOTO DE EDIFICIO INTELIXENTE PARA A INTEGRACIÓN DA INFORMACIÓN ENTRE A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TEIXUGUEIRAS Nº 16 E O

CONCELLO DE VIGO, DA NECESIDADE PÚBLICA QUE SE PRETENDE ATENDER E DOS SEUS OBXECTIVOS

Neste anexo detállanse os casos de uso para os que é necesario o desenvolvemento, implantación de sistemas de xestión, sensorización e posta en produción dos pilotos, así como para o tratamento da información procedente ou con destino ao edificio de titularidade da Comunidade de Propietarios, integrados na xestión intelixente do municipio, como un nodo IoT (Internet of Things), que achegue a información de carácter non persoal.

Desta forma, co desenvolvemento do Proxecto Piloto, preténdese desenvolver as actuacións de instalación de elementos de sensórica para a integración dos datos do edificio da Comunidade de Propietarios coa plataforma da cidade, mediante un nodo IoT (“Internet of Things”), de tal forma que se dispoña de información integrada que permita desenvolver os casos de uso que se describen a continuación.

Adicionalmente a estes casos de uso, e en cumprimento do detallado na norma UNE 178109:2018 “Cidades Intelixentes. Estación intelixente e conexión coa plataforma de cidade intelixente”, tamén será obxecto do presente convenio o intercambio de información entre cidade e edificio, co obxectivo de mellorar a xestión dos servizos de unha e outros, e por tanto, mellorar a experiencia do cidadán.

Durante a execución do proxecto, e baixo a supervisión da Comisión de Seguimento, identificaranse e acordarán as necesidades concretas para cada caso de uso, isto é, o seu priorización e alcance, así como a información que se dispoña a intercambiar entre Cidade e o edificio.

Igualmente, estableceranse os mecanismos de intercambio de información entre a cidade e o edificio que se consideren necesarios para desenvolver os casos de uso descritos.

Todos estes casos de uso se desenvolverán ao longo da vixencia do convenio, coa priorización e alcance que se acorde no seno da Comisión de Seguimento.

COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TEIXUGUEIRAS Nº 16		
CASOS DE USO		
CU01. Determinación da calidade de vida e benestar cidadáns	S23: Elementos de visualización	Tótem n4 (placa impresa)
CU03.Análise intelixente do consumo de auga e detección de fugas na rede	S02: Monitorización consumos de auga	Contador intelixente
CU04.Análise intelixente do consumo de enerxía eléctrica e térmica en	S03: Medición consumo eléctrico	Contador eléctrico intelixente



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TEIXUGUEIRAS Nº 16		
CASOS DE USO		
edificios		

4(524).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA DE ESTADO DE DEREITOS SOCIAIS NO MARCO DO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL, GARANTÍA INFANTIL E LOITA CONTRA A POBREZA, COFINANCIADO CO FONDO SOCIAL EUROPEO PLUS (FSE+). EXPTE. 272711/301.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/07/2025, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. No BOE nº 172 do 17.07.2024 publicouse a “*Resolución de 4 de julio de 2024, de la Secretaría de Estado de Derechos Sociales, por la que se aprueba la convocatoria para la selección de operaciones en el marco del Programa de Inclusión Social, Garantía Infantil y Lucha contra la Pobreza, cofinanciado con el Fondo Social Europeo Plus (FSE+)*” (corrección de erros: BOE nº 230 do 23.09.2024).

I.2. O obxecto desa Resolución era o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria única para a selección, en réxime de concorrència competitiva, das operacións de proxectos de innovación ou experimentación social executados por entidades sen ánimo de lucro, entidades da economía social ou ente locais, que recibirán cofinanciamento do FSE+ no marco do cuarto obxectivo da política de cohesión da UE no período 2021-2027: Unha Europa máis social e inclusiva, para a prioridade 6: Innovación Social.

I.3. Valorando a oportunidade de desenvolver un proxecto relacionado coa aplicación das novas tecnoloxías para mellorar a calidade de vida das persoas con dependencia e/ou mobilidade reducida, a Concellería de Política Social propúxolle á Xunta de Goberno Local solicitar unha subvención ó abeiro desa convocatoria dentro das “*Accións para a consecución de iniciativas innovadoras de impacto social que fomenten o acceso a servizos (6.K.01)*” e así o acordou na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.10.2024 nos seguintes termos:

“1. Solicitar a subvención para desenvolver o proxecto “*Novas tecnoloxías para mellorar a calidade de vida das persoas con dependencia*”, ao abeiro da resolución de 4 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se aproba a convocatoria para a selección de operacións no marco do Programa de Inclusión Social, Garantía infantil e loita contra a Pobreza, cofinanciado co Fondo Social Europeo Plus (FSE+)“, na liña “6.K.01: Iniciativas innovadoras para o acceso a servizos a través de proxectos que melloren o acceso

a servizos (coordinación sociosanitaria), especialmente para persoas maiores en situación de dependencia e con necesidades de apoio complexas”.

2. Delegar na Concelleira da Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, Yolanda Aguiar Castro, a representación legal da entidade e a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola Resolución de 4 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se aproba a convocatoria para a selección de operación no marco do Programa de Inclusión Social, Garantía Infantil e Loita contra a Pobreza, cofinanciado co Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

A dita delegación alcanza a todos os efectos, a conformación final do contido do proxecto, a documentación obrigatoria, así como a execución de todos os trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma no portal de axudas do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030”.

I.4. O obxectivo principal do proxecto proposto pola Concellería de Política Social é proporcionar apoio psicosocial a persoas dependentes a través das novas tecnoloxías, concretamente, mediante aplicacións dispoñibles en SmartTVs, cos obxectivos específicos de combater a soidade non desexada, atrasar o deterioro cognitivo, aumentar o benestar emocional e mellorar as oportunidades das persoas para vivir de acordo coa súa vontade e preferencias, alongando ó máximo a súa estadía no fogar e na súa contorna comunitaria.

I.5. En data 01.07.2025 a Concelleira da Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude puido acceder á notificación posta a disposición na DEHÚ dando traslado da “PROPUESTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN CORRESPONDIENTE A LA CONVOCATORIA APROBADA MEDIANTE LA RESOLUCIÓN DE 4 DE JULIO DE 2024, DE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE DERECHOS SOCIALES, POR LA QUE SE APRUEBA LA CONVOCATORIA PARA LA SELECCIÓN DE OPERACIONES EN EL MARCO DEL PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL, GARANTÍA INFANTIL Y LUCHA CONTRA LA POBREZA, COFINANCIADO CON EL FONDO SOCIAL EUROPEO PLUS (FSE+) do Subdirector general de Promoción del Tercer sector y del Voluntariado do Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030.

I.6. De acordo coa mesma, concedeselle ó Concello de Vigo unha subvención por importe total de 469.300,00 € para a implementación do proxecto: “VIGOSOCIAL TV: NUEVAS TECNOLOGÍAS PARA MEJORAR LA CALIDAD DE VIDA DE LAS PERSONAS MAYORES EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA Y/O SOLEDAD NO DESEADA”.

MEDIDA 6.K.01 ENTIDADES LOCALES				
NOMBRE ENTIDAD	NIF	DENOMINACIÓN PROYECTO	PUNTUACION PROYECTO	IMPORTE CONCEDIDO
AYUNTAMIENTO DE REUS	P4312500D	SEAP +60 (SERVICIO ESPECIALIZADO DE ATENCIÓN A LAS PERSONAS MAYORES)	73	469.656,15 €
AYUNTAMIENTO VIGO	P3605700H	VIGOSOCIAL TV: NUEVAS TECNOLOGÍAS PARA MEJORAR LA CALIDAD DE VIDA DE LAS PERSONAS MAYORES EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA Y/O SOLEDAD NO DESEADA	72	469.300,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

I.7. Para a efectividade da subvención proposta é necesario que o Concello de Vigo comunique no prazo de 10 días hábiles desde a notificación a aceptación da axuda do FSE+ asignada (Apdo. Noveno, Pto. 7 da Resolución do 04.07.2024 - “*Instrucción del procedimiento, evaluación de solicitudes y propuesta de resolución*”). Esta comunicación debe realizarse a través da aplicación web do *Sistema de Gestión de Subvenciones SIGES*, dispoñible no enlace <https://siges.mschs.es> ou, no seu defecto, no *Registro Electrónico General de la Administración General del Estado*, dispoñible no *Punto de Acceso General electrónico*, así como na sede electrónica do *Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030*.

I.8. A axuda do Fondo Social Europeo Plus (FSE+) cubre ata o 95% do custe total de cada operación, quedando o 5% restante a cargo da entidade beneficiaria. En concreto, os 469.300,00 € propostos como subvención con cargo a fondos FSE+ supón a concesión da totalidade da subvención solicitada polo Concello de Vigo e representa o 95% do custe total do proxecto subvencionado.

No orzamento do proxecto presentado polo Concello de Vigo e seleccionado polo Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 (494.000€), inclúense os custes indirectos (15% sobre os custes de persoal = 24.000€) polo que o cofinanciamento municipal pode cubrirse coa subvención dos custes indirectos.

I.9. En virtude do acordo anteriormente transcrito da XGL do 11.10.2024, a Concelleira da Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude ostenta, por delegación, a representación legal do Concello de Vigo neste asunto e foi especificamente habilitada para a formalización da solicitude de subvención; delegación que comprendía a conformación final do contido do proxecto, a documentación obrigatoria e a execución de todos os trámites administrativos necesarios que requirise a presentación da mesma.

I.10. Pola súa banda, a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a adopción do acordo de aceptación desta subvención, segundo o disposto no Art. 127.g) da L.7/1985, do 2 de abril (LRBRL) e, expresamente, no Apdo. Primeiro, Pto. 1, do Decreto da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de Delegación de competencias do Alcalde na XGL (BOPPO nº 124, do 28.06.2023).

II. PROPOSTA DE ACORDO

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aceptar a subvención a favor do Concello de Vigo, por importe de 469.300,00 € (95% do custo total da operación), contida na “PROPUESTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN CORRESPONDIENTE A LA CONVOCATORIA APROBADA MEDIANTE LA RESOLUCIÓN DE 4 DE JULIO DE 2024, DE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE DERE-

CHOS SOCIALES, POR LA QUE SE APRUEBA LA CONVOCATORIA PARA LA SELECCIÓN DE OPERACIONES EN EL MARCO DEL PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL, GARANTÍA INFANTIL Y LUCHA CONTRA LA POBREZA, COFINANCIADO CON EL FONDO SOCIAL EUROPEO PLUS (FSE+) do *Subdirector general de Promoción del Tercer sector y del Voluntariado* do *Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030* que fora solicitada por acordo da Xunta de Goberno Local do 11.10.2024 (Exp. nº 272711/301) para a implementación do proxecto: “VIGOSOCIAL TV: NUEVAS TECNOLOGÍAS PARA MEJORAR LA CALIDAD DE VIDA DE LAS PERSONAS MAYORES EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA Y/O SOLEDAD NO DESEADA”.

SEGUNDO: Declarar, para os efectos do indicado no Apdo. Cuarto, Pto. 7, da “*Resolución de 4 de julio de 2024, de la Secretaría de Estado de Derechos Sociales, por la que se aprueba la convocatoria para la selección de operaciones en el marco del Programa de Inclusión Social, Garantía Infantil y Lucha contra la Pobreza, cofinanciado con el Fondo Social Europeo Plus (FSE+)*” que o cofinanciamento municipal correspondente ó Concello de Vigo pode cubrirse coa subvención dos custes indirectos previstos no Proxecto (15% sobre os custes de persoal = 24.000€).

TERCEIRO: Comunicar á *Subdirección General de Promoción del Tercer Sector y del Voluntariado* do *Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030*, dentro do prazo concedido (10 días hábiles) e a través dos medios habilitados para o efecto, a aceptación da subvención acordada polo Concello de Vigo, en cumprimento do disposto no Apdo. Noveno, Pto. 7, da referida *Resolución de 4 de julio de 2024, de la Secretaría de Estado de Derechos Sociales*».

Con todo, a XGL decidirá co seu superior criterio o que estime procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(525).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPTE. 285498/301.

Visto o informe xurídico do 03/07/2025 e o informe de fiscalización do 07/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/07/2025, asinado polo xefe da Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 24.06.2025 a Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude acordou iniciar un novo procedemento de contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería, en coordinación co Servizo de Contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada o 24.06.2025 (trámite nº 6).
- Memoria económica, asinada o 24.06.2025 polo Xefe de Área e a Concelleira delegada (trámite nº 8).
- Prego de Prescricións Técnicas (PPT) asinado o 27.06.2025 pola Xefa do Servizo e o Xefe de Área de Benestar Social, tamén traducido ó castelán (trámites núms. 20 e 24).
- Anexos ó PPT I, II e III, para os efectos do establecido nos Arts. 100.2 e 130 da LCSP (trámites núms. 21-23).
- Memoria Xustificativa para a contratación do servizo, asinada o 27.06.2025 polo Xefe de Área e a Concelleira delegada (trámite nº 25).
- Declaracións dos redactores do PPT, asinadas o 27.06.2025 (trámites núms. 18-19).
- Documentos económicos (RC e RCFUT), asinados polo responsable da Contabilidade municipal, de data 26.06.2025 (trámites núms. 12-13).
- Informe da xefa da Área de contratación e novos proxectos do 30.06.2025 sobre comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública (trámite nº 33).
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento aberto, asinado pola xefa da Área de contratación e novos proxectos o 01.07.2025 (trámite nº 43).

I. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RD.Lex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20.01.2012).
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar (DOG nº 22 do 02.02.2009).

- Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30.03.2012).
- Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vigo (BOP nº 14 do 22.01.2010).
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo (2025).
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (Ordenanza nº 21 – SAF).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é a contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que ten por finalidade prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

A regulación específica deste Servizo estableceuse, con carácter xeral para a CA de Galicia, na Orde do 22 de xaneiro de 2009, da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* (DOG nº 22 do 02.02.2009) e, no ámbito do Concello de Vigo, no vixente Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, aprobado polo Pleno da Corporación o 28.09.2009 (BOP nº 14 do 22.01.2010).

III.2. O presente contrato figura na planificación da contratación da Área de Benestar Social para este exercicio e está incluído no Plan anual de contratación 2025, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 27.12.2024 (Exp. nº 7031/241).

III.3. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, da Resolución do 28.06.2024 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOPPO nº 133, do 09.07.2024) e o Acordo da XGL do 28.06.2024, Apdo. Terceiro, Pto.6; BOPPO nº 134, do 10.07.2024).

III.4. Tendo en conta a necesidade de garantir a continuidade dun servizo esencial para as persoas dependentes e a finalización da vixencia do actual contrato maior de servizos o 30.11.2025 (data de finalización da 2ª e última prórroga) e que o Concello de Vigo carece do persoal necesario para a xestión deste servizo, iniciouse xa no mes de febreiro deste ano (Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, en Resolución do 24.02.2025), a tramitación do correspondente expediente administrativo para a contratación, por procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF); expediente que foi aprobado na XGL do 25.04.2025 (Exp. nº 278314/301), presentándose no prazo estipulado, que rematou o 26.05.2025, un total de oito (8) ofertas de licitadores interesados.

III.5. Con todo, o Tribunal administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal) resolveu en data 05.06.2025 (Resol. nº 96/2025) estimar o recurso especial en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

materia de contratación nº 88/2025 deducido polo “Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia” contra os Pregos de contratación, polo que resultou imprescindible modificar esa documentación no sentido indicado polo Tribunal e, como primeiro paso, acordar o inicio urxente dun novo procedemento, tal como fixo a Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude na súa Resolución do 24.06.2025.

III.6. Constan no expediente nº 285498/301 (2025), tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da xefa da Área de contratación e novos proxectos do 30.06.2025 sobre comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.7. Na nova documentación do Exp. nº 285498/301 introducíronse xa a información e as especificacións requiridas polo TACGal na súa Resol. nº 96/2025 a propósito da desagregación de custes (directos e indirectos) que integran o prezo do contrato e o orzamento base de licitación, con expresa referencia ós custes laborais derivados do “*II Convenio colectivo para a actividade do servizo de axuda a domicilio de Galicia*” desagregados, á súa vez, por categorías profesionais e xénero.

Os cambios afectan, fundamentalmente, á Memoria xustificativa (Apdo. 6), á Memoria económica (Apdo. 6) ó PCAP (Apdo. 3 FEC) e ós Anexos do PPT.

Incluíuse tamén unha xustificación máis exhaustiva dos prezos de mercado actuais a partir do “*Informe Preliminar 2025 (Enquisa SAF)*” elaborado este mesmo ano pola FEGAMP, que achega unha información actualizada (abril/2025) sobre o custe real do SAF en Galicia e confirma que o prezo de licitación do Concello de Vigo (24,76€, IVE incl.) está plenamente axustado a valores de mercado.

III.8. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración do contrato será de tres (3) anos, con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha. A data prevista de inicio do novo contrato é o 01.12.2025.

III.9. Tendo en conta a súa contía (valor estimado = 88.859.377,12€), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (tramitación ordinaria), suxeito a regulación harmonizada (Art. 22 LCSP). O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.H, 1.I, 1.J e 1.K das FEC).

III.10. O seu orzamento base de licitación ascende a 49.507.367,25 € (IVE a soportar pola Admón. = 1.904.129,51€) e o gasto podería financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 (“*Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)*”) e, de ser o caso, á súa bolsa de vinculación.

III.11. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, como así consta xa nos documentos de Contabilidade anexados ós trámites núms. 12 e 13 (RC 12025000085491 e RC_FUT 12025000085626) e a Intervención xeral municipal deberá fiscalizalo antes da súa aprobación.

III.12. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da

LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 6), o Prego de Prescricións Técnicas (trámites núms. 20 e 24) cos Anexo I, II e III de persoal (trámites núms. 21-23), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 43), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 12-13) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (49.507.367,25€, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 dos orzamentos municipais (“*Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)*”) e á súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2025: 1.375.204,65€.
- Ano 2026: 16.502.455,75€.
- Ano 2027: 16.502.455,75€.
- Ano 2028: 15.127.251,10€.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(526).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DO XESTOR DOCUMENTAL (ALFRESCO). EXPTE. 10593/113.

Visto o informe de fiscalización do 03/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación da actualización e mantemento do xestor documental (ALFRESCO) (10593-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación da actualización e mantemento do xestor documental (ALFRESCO) (10593-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento do servidor documental Alfresco, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/01/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 07/01/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria económica do contrato de data 24/02/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 09/04/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 11/04/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación e da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 15/04/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 09/05/2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 42.307,08 €, que inclúe un I.V.E. de 7.342,55 €, dende o 1 de xuño de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2025	Mantemento Software	9207.2279902	34.964,53 €	7.342,55 €	42.307,08 €
Total			34.964,53 €	7.342,55 €	42.307,08 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 84.614,16 €, que inclúe un I.V.E. de 14.685,10 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2026	Mantemento Software	9207.2279902	34.964,53 €	7.342,55 €	42.307,08 €
2027	Mantemento Software	9207.2279902	34.964,53 €	7.342,55 €	42.307,08 €
Total			69.929,06 €	14.685,10 €	84.614,16 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 12 de xuño de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto mixto para a contratación da actualización e mantemento do xestor documental (ALFRESCO) (10593-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	IZERTIS, SA

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IZERTIS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
3. Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IZERTIS, SA, o día 13 de xuño de 2025, que presenta a documentación requirida o 26 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o obxecto social e o nomeamento do seu apoderado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

- A escritura de constitución cos estatutos co obxecto social e a escritura de reelección administrador único con obxecto social xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (29.614,96 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (29.614,96 €), presentan e figuran no expediente certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 5.044,66 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 3 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IZERTIS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IZERTIS, SA, de acordo co acordo da Mesa de Contratación, de data 12 de xuño de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a IZERTIS, SA o procedemento aberto mixto para a contratación da actualización e mantemento do xestor documental (ALFRESCO) (10593-113) por un prezo total do contrato de 122.080,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.187,56 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(527).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA”. EXPTE. 2236/441.

Visto o informe de fiscalización do 03/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reconstrución do muro de contención no parque Nelson Mandela, Navia" (2236-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reconstrución do muro de contención no parque Nelson Mandela, Navia" (2236-441)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de abril de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 05.03.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS CINCUENTA MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (450.272,46 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 78.146,46 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1710.619.00.07 (RECONSTRUCCIÓN MURO PARQUE NELSON MANDELA) proxecto de gasto 25171007, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	450.272,46 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 12 de xuño de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Reconstrucción do muro de contención no parque Nelson Mandela, Navia” (2236-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL	89,27
2	NAROM, SL	87,59
3	CIVIS GLOBAL, SLU	85,61

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, o día 13 de xuño de 2025, que presenta a documentación requirida os días 24 e 26 de xuño de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil e o nomeamento do seu representante, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, ATRIGA e TXSS.
- A escritura de constitución da licitadora na que figuran os estatutos co obxecto social e o nomeamento do seu administrador xunto co seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (446.551,20 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (450.272,46 €), presentan certificado de boa execución do ano 2024 cuxo importe supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 16.375,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente o certificados positivo de débeda do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 3 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, como a solicitada de oficio pola



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 2 e 5 de xuño de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reconstrución do muro de contención no parque Nelson Mandela, Navia" (2236-441) por un prezo total do contrato de 396.275,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 68.775,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(528).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO ARTISTA “CORAL CASABLANCA” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10451/335.

Visto o informe de fiscalización do 08/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/07/2025, asinado pola técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Coral Casablanca” (10451-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “CORAL CASABLANCA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 24 de xuño de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 25 de xuño de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 46.585,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 38.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 27 de xuño de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Terceiro.- O 30 de xuño de 2025, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 4 de xullo de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración."

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 4 de xullo de 2025 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Coral Casablanca” (10451-335) por un prezo total de 46.585,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.085,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(529).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ÓPERA “LA TRAVIATA” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10432/335.

Visto o informe de fiscalización do 08/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/07/2025, asinado pola técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da ópera “La Traviata” (10432-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da ópera “LA TRAVIATA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 6 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 59.229,50 euros, sendo o valor estimado do contrato de 48.950,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 20 de xuño de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

Terceiro.- O 30 de xuño de 2025, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 4 de xullo de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 4 de xullo de 2025 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da ópera “La Traviata” (10432-335) por un prezo total de 59.229,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.279,50 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(530).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE EXACCIÓN UNIFICADAS INDUSTRIAIS: LIXO COMERCIAL, ENTRADA DE VEHÍCULOS E RESERVA DE APARCAMENTO DO ANO 2025. EXPTE. 58088/516.

Dáse conta da resolución do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de data 03/07/2025, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe-Proposta da Xestión Tributaria - Dirección de Ingresos,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón Fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2025 (taxa de lixo comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de 6.381.267,23 Euros, segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 20284 que figura a nome de “123 WASH LAVANDERIAS EXPRESS SL”, e remata coa inscrición nº 7342 que figura a nome de “ÁLVAREZ FERNÁNDEZ EMILIA ISABEL”, cun total de 25.243 inscricións (25.183 recibos) e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial	4.515.121,39.- Euros
- Entrada vehículos	1.826.658,64.- Euros
- Reservas aparcamento	39.487,20.- Euros

2.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza Fiscal Xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(531).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR- ANO 2025 (2º). EXPTE. 103043/140.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/07/2025, asinado polo interventor xeral e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2025.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificac.</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	12025000003135	9120.2260100	1.500,00	1.201,10	07/01/25	15/04/25	07/04/25	298,90	---
Abalde Comesaña Raquel	12025000020236	9120.2310000	500,00	254,82	03/03/25	29/05/25	03/06/25	245,18	---
Abalde Comesaña Raquel	12025000020237	9120.2269900	500,00	259,10	03/03/25	29/05/25	03/06/25	240,90	---
Abalde Comesaña Raquel	12025000039685	9120.2200100	800,00	842,50	14/04/25	03/06/25	14/07/25	----	42,50
Candia Paz M. ^a Carla	12025000057132	2410.2250100	111,53	111,53	14/05/25	22/05/25	14/08/25	----	---
Carballo Acuña Alberto	12025000040774	1320.2312000	200,00	63,55	21/04/25	27/05/25	21/07/25	136,45	---
Fernández Fernández Paz	12025000019946	2310.7800000	16.000,00	6.024,05	27/02/25	28/05/25	27/05/25	9.975,95	---
Núñez-Torrón López Jesús	12025000003479	2310.4800000	300.000,00	299.228,65	09/01/25	28/05/25	09/04/25	771,35	---
Núñez-Torrón López Jesús	12025000014021	2310.4810000	662.000,00	661.901,66	12/02/25	14/04/25	14/07/25	98,34	---
Pazos Area M. ^a Carmen	12025000013222	9320.1620000	750,00	750,00	05/02/25	22/05/25	05/05/25	----	---
Vieites Alén M. ^a Dolores	12025000004087	9320.2312000	1.500,00	1.426,23	15/01/25	03/06/25	15/04/25	73,77	---
Vieites Alén M. ^a Dolores	12025000004342	9320.2302000	516,85	93,50	16/01/25	03/06/25	16/04/25	423,35	---
TOTAL			984.378,38	972.156,69				12.264,19	0,00



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 12025000003135 de Abalde Comesaña Raquel, 12025000019946 de Fernández Fernández Paz, 12025000003479 de Núñez-Torrón López Jesús, 12025000013222 de Pazos Area M.ª Carmen e 12025000004087 e 12025000004342 de Vieites Alén M.ª Dolores.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 12025000003135 de Abalde Comesaña Raquel, 12025000019946 de Fernández Fernández Paz, 12025000003479 de Núñez-Torrón López Jesús, 12025000013222 de Pazos Area M.ª Carmen, 12025000004087 e 12025000004342 de Vieites Alén M.ª Dolores non se renderon no prazo normativamente establecido.	

PROPOSTA

A Base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2025 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a ese órgano a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	12025000003135	9120.2260100	1.500,00	1.201,10	07/01/25	15/04/25	07/04/25	298,90	---
Abalde Comesaña Raquel	12025000020236	9120.2310000	500,00	254,82	03/03/25	29/05/25	03/06/25	245,18	---
Abalde Comesaña Raquel	12025000020237	9120.2269900	500,00	259,10	03/03/25	29/05/25	03/06/25	240,90	---

Abalde Co- mesaña Ra- quel	12025000039685	9120.2200100	800,00	842,50	14/04/25	03/06/25	14/07/25	----	42,50
Candia Paz M.ª Carla	12025000057132	2410.2250100	111,53	111,53	14/05/25	22/05/25	14/08/25	----	---
Carballo Acuña Al- berto	12025000040774	1320.2312000	200,00	63,55	21/04/25	27/05/25	21/07/25	136,45	---
Fernández Fernández Paz	12025000019946	2310.7800000	16.000,00	6.024,05	27/02/25	28/05/25	27/05/25	9.975,95	---
Núñez-To- rrón López Jesús	12025000003479	2310.4800000	300.000,00	299.228,65	09/01/25	28/05/25	09/04/25	771,35	---
Núñez-To- rrón López Jesús	12025000014021	2310.4810000	662.000,00	661.901,66	12/02/25	14/04/25	14/07/25	98,34	---
Pazos Area M.ª Carmen	12025000013222	9320.1620000	750,00	750,00	05/02/25	22/05/25	05/05/25	----	---
Vieites Alén M.ª Dolores	12025000004087	9320.2312000	1.500,00	1.426,23	15/01/25	03/06/25	15/04/25	73,77	---
Vieites Alén M.ª Dolores	12025000004342	9320.2302000	516,85	93,50	16/01/25	03/06/25	16/04/25	423,35	---
TOTAL			0,00	0,00				0,00	0,00

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(532).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 56/2025: CRÉDITO EXTRAORDINARIO, 56A/2025: SUPLEMENTO DE CRÉDITO. EXPTE. 96/142.

Visto o informe de fiscalización do 08/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/06/2025, asinado polo tesoureiro municipal e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

Memorias xustificativas dos Servizos de Festas, Fomento (Vías e Obras, Vigo Vertical, Saneamento-Abastecemento, túnel de Beiramar), Patrimonio, Medio Ambiente, Xardíns, Benestar Social, Educación, Deportes, Mercados, Patrimonio Histórico, Xuventude, Turismo, Estatística e Tesourería, na que solicitan recursos suficientes para acometer determinados empregos para os que non existe crédito, ou o existente resulta insuficiente.

Resolución da Alcaldía de 27 de xuño de 2025, de incoación do expediente na que se fai referencia ás solicitudes dos servizos xestores.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Xustificación

Fomento, xustifica como inaprazables un grupo de humanización de OITO Rúas, que en determinados casos forman parte de convenios de cofinanciamento con outras administracións.

Dótase a primeira anualidade das obras do Vigo Vertical de acceso ao Parque Matías.

O plan de mellora de firmes do viario, resulta un emprego non aprazable polo deterioro que sofren as infraestruturas pola alta pluviosidade do último ano, para acometer antes de que chegue o inverno e imposibilite executar o plan.

Tamén incorpora na memoria xustificativa o suplemento por insuficiencia de créditos de proxectos en execución, como son a humanización da Rúa C. Vázquez entre P. Canido e Ricardo Mella.

Acométense obras de mellora das instalacións do túnel de Beiramar, necesarias para garantir a seguridade, fundamentalmente a visibilidade.

Supleméntanse os recursos para o reforzamento estrutural da Praza do Rei, dótase o crédito necesario para acometer a mellora da estrutura deste espazo público, así como a execución do Aparcadoiro na Rúa Manuel Cominges en Matamá unha vez xa aprobado o PXOM e o Paso Soterrado da Porta do Sol.

Solicítase dende a Área de Fomento os recursos para acometer o investimento no Paseo da Praia do Bao, aínda que, a súa dotación faise no Servizo de Xardíns.

Dótase a contía da liquidación de DOUS anos da débeda pola taxa a Augas de Galicia polo Encoro de Eiras.

Por último, nesta Área, tamén se fai fronte a Sentenza do TSJG en relación co Encoro de Eiras.

Na memoria da Área de Fomento xustifícase a necesidade e inaprazabilidade dos recursos, reflectindo unha síntese da mesma na Resolución de inicio do expediente asinada polo Sr. Alcalde Presidente da Corporación.

Está engadida na memoria de Fomento as necesidades do Servizo de Educación. A solicitude para ten que facer fronte á construción ou reparación de varios muros de peche que afectan a CEIPs, Valle Inclán, Igrexa en Valadares e peche parcela de Mestres Goldar, a cubrición de patios de colexios: Celso Emilio ferreiro a Lope de Vega, así como a cuberta do CEIP Celso Emilio Ferreiro.

Xardíns solicita recursos para a mellora de reposición de parques existentes e a construción do Parque Infantil en Pintor Colmeiro, parque Carlos Casares, mellora de reposición do estanque de Castrelos, mellora da Zona verde de Rivera Atienza e mellora do Paseo da Praia do Bao. Na memoria de Fomento están engadidas algún dos proxectos de xardíns,

que ademais non figuran na de Xardíns, estes proxectos son Parque Infantil en Pintor Colmeiro, parque Carlos Casares e a mellora do Paseo da Praia do Bao.

Na memoria do Servizo de Xardíns, xustifícase a necesidade de recursos para acometer os empregos que resultan inaprazables do estanque do Parque de Castrelos que está baleirado a espera da súa reparación. En canto á reposición de mellora dos elementos dos Parques infantís, a memoria é moi xustificativa, a finalidade é garantir a seguridade de uso e a súa adaptación á normativa vixente, por último, a xustificación da mellora da zona verde de Rivera Atienza, o seu estado de conservación é o que xustifica unha intervención urgente.

A mellora do Paseo da Praia do Bao ten causa no uso tan intensivo que ten esta infraestrutura que hai que mellorar para garantir o uso natural.

En canto ao suplemento das subvencións para a mellora do Patrimonio Relixioso, a xustificación está no convenio vixente e nos proxectos redactados que están na Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, cuxa xustificación da necesidade está explicitada na memoria do Servizo de Xardíns, que en síntese é a seguinte:

O adro da igrexa de Coruxo é un espazo de uso público que acolle numerosos eventos ao longo do ano. O crédito solicitado destinarase á adquisición e instalación de varandas metálicas fixas en puntos estratéxicos do adro, especialmente en zonas con desniveis, bordes sen protección ou pasos estreitos.

A Igrexa de Sampaio é un punto de referencia histórico e cultural para a comunidade local, a accesibilidade principal á igrexa presenta deficiencias significativas que dificultan a entrada a persoas con mobilidade reducida, maiores e aqueles que utilizan medios de transporte especiais. Este proxecto tenA Igrexa de San Cristóbo de Candeán constitúe un ben de notable valor histórico, cultural

A Igrexa de San Cristóbo de Candeán, é un ben de notable valor histórico, cultural e relixioso. O entorno presenta actualmente deficiencias en accesibilidade, pavimentación, iluminación e mobiliario urbano, que afectan tanto a seguridade dos visitantes como a imaxe do conxunto como obxectivo mellorar a accesibilidade a igrexa.

Medio ambiente, solicita como inaprazable a construción do muro da Praia de Alcabre, Sta. Baia coa xustificación que figura na memoria de Fomento.

Benestar Social, solicita un suplemento para atender ao programa de Becas de comedor e libros, así como ao programa Xantar na casa.

Deportes, ten que facer fronte aos desequilibrios que teñen causa na pandemia do COVID19 en relación cos complexos deportivos de Barreiro, Florida e Navia. En relación coas necesidades na infraestrutura deportiva, solicítanse recursos para o proxecto da Piscina de Teis, Complexo deportivo da Madroa, novas dotacións para acometer a mellora da cuberta dos Pavillóns de Teis, Pavillón de Coruxo, Pavillón Frontón cuberto, cambio da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

herba no campo de fútbol do Monte da Mina, mellora nos pavillóns de Bembrive e Lavadores e a mellora na cuberta do Pavillón das Travesas, neste último caso, forma parte da solicitude de Fondos Europeos da Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (EDIL).

En relación cos vestiarios dos campos de fútbol, a situación segundo a memoria económica é de urxente actuación, vanse a colocar módulos que posibilite a súa ampliación segundo necesidades.

As instalacións requiren dunha pronta intervención, xa que as mesmas vense afectadas por patoloxías construtivas que veñen dificultando o desenvolvemento deportivo destas instalacións.

En relación coa xustificación dos reequilibrios, os expedientes están con proposta favorable do Servizo de Contratación, aínda que sin dotación orzamentaria, polo que, solicítase que deben ser consignados para no seu caso, atender a execución destes propostas de reequilibrio e evitar as recargas de xuros.

O servizo de Festas, antes do remate do ano ten que afrontar o pago de dereitos de autor do ano 2025, sendo o crédito dotado inicialmente insuficiente, polo que queda xustificada a necesidade e inaprazabilidade.

O servizo de Xuventude, solicita crédito para acometer con urxencia obras na Casa da Xuventude por filtracións de auga, na que os técnicos municipais, xa fixeron a valoración económica.

O servizo de Turismo, solicita recursos para facer fronte a actividades de un gran impacto económico: turismo cinematográfico, elaboración de dossiers sobre o segmento MICE e o sector cinematográfico, comercialización de experiencias turísticas en Vigo, poñer en valor o tecido empresarial que conforma o sector, promoción turística cunha estratexia ao MICE, desenvolvemento da gala do turismo.

Mercados, ten como necesidade inaprazable, a mellora do Mercado de Teis, proxecto que está redactado e aprobado.

Estatística, motiva o cambio das placas identificadoras das rúas. O concello conta cunha rede viaria próxima ás 1800 viarios públicos (rúas, camiños, baixadas, avenidas, subidas, ...) , das cales unha parte moi significativa presenta graves deficiencias, que dificultan a identificación das vías, e non é racional comprar para repor cando se vai a cambiar o modelo, polo que resulta inaprazable a adquisición.

En canto ao Servizo de Patrimonio, as súas necesidades están relacionadas co inmovible da Casa Consistorial (aspectos estruturais, de climatización, mellora de instalacións eléctricas de baixa e media tensión, mellora das instalacións de PCI, así como a segunda fase das obras nas dependencias da Policía Local), Pazo de Congressos para adaptación da planta

baixa en un espazo cultural, Biblioteca de Teis para complementar a contía total do orzamento do Proxecto, obras de derrubo da edificación no Barrio de Ribadavia e adquisición dunha parcela no Barrio do Rocío para dar un tratamento integral a unha zona na que se pretende desenvolver unha actuación de medianeiras.

O Servizo de Patrimonio Histórico, require recursos para reformar as fachadas dos Locais municipais en Elduayen e na rúa Carral. Nesta última, é necesario ademais, acometer obras de impermeabilización na rúa Laxe, sendo esta a causa das humidades nos locais, así como acometer as obras de reposición do muro do Parque de Castrelos.

Tesourería xustifica a suplementación do crédito para atender os custes financeiros e xuros dos reintegros, devolución de ingresos indebidos e sentenzas.

Insuficiencia de recursos para atender os empregos que se pretenden.

O Orzamento vixente non dispón de crédito para facer fronte a estas necesidades, xa que o Orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 18 de outubro de 2024, que aprobou inicialmente o Pleno da Corporación en sesión do 14 de novembro e con carácter definitivo o 23 de decembro de 2024, non tiña previsto estas novas necesidades, o que parece razoable a teor de que as contías orzamentarias péchanse a mediados de setembro de cada ano, e as necesidades van xurdindo no tempo, polo que, cada ano, a metade do período, tramítase unha modificación orzamentaria para atender novas necesidades que afloran no tempo ou para suplementar por insuficiencia de crédito outras que si estaban previstas aínda que, con dotación insuficiente.

Inaprazabilidade do gasto

Nas memorias que xustifican a Resolución de inicio do expediente, abúndase na motivación da tramitación do expediente en cada caso en relación coas necesidades a satisfacer e a súa inaprazabilidade.

En canto aos novos proxectos, unha vez adoptada a decisión de oportunidade dos empregos, queda xustificada na memoria xustifica da necesidade da tramitación, adxudicación e execución parcial no ano 2025, polo que se dotan os créditos necesarios para dar cumprimento á oportunidade do gasto.

Queda pois, legal e tecnicamente xustificada a tramitación deste expediente, tanto no apartado técnico en canto a inaprazabilidade das necesidades, a inexistencia de crédito para facer fronte ás necesidades, como no ámbito legal, axustando o procedemento aos requirimentos contidos no artigo 177 do TRLRFL.

Normativa de aplicación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEFS).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolución de delegación de competencias: Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024.

Bases de Execución do Orzamento.

Reactivación das regras fiscais

A liquidación do orzamento do exercicio 2024 marcou o fito final no proceso de reactivación das regras fiscais. Deste xeito, a liquidación correspondente a este último exercicio levouse a cabo baixo o pleno sometemento ás devanditas normas.

Un dos efectos máis significativos da reactivación das regras fiscais no que respecta á liquidación do orzamento, foi o retorno da aplicación das medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (en diante, LOEPSF).

Estreitamente vinculada á devandita consecuencia, atópase a obriga de volver destinar o superávit orzamentario á amortización de débeda, conforme ao disposto no artigo 32 da LOEPSF, dado que o fundamento da citada regra son, precisamente, as regras fiscais.

Estabilidade Orzamentaria

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do día 23 de xullo de 2024 o Acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos de cumprimento das regras fiscais, ten carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedando fixados os seguintes obxectivos:

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Este obxectivo é obrigatorio para o subsector, aínda que difícil de aplicar a cada entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entidade á formación do PIB nacional, polo tanto, a análise e a obriga de cada ente do subsector local, e liquidar o Orzamento do ano 2025 en equilibrio ou superávit.

Da proxección da Liquidación Orzamentaria que se incorpora ao expediente correspondente ao ano 2025, vaise dar cumprimento ao obxectivo.

Regra de gasto

En canto ao teito de gasto, a recomendación da Comisión Europea a España foi de que a mesmo evolucione a unha taxa non superior que o 2,7% do PIB como máximo para o ano 2025.

En canto á regra de gasto, non ten que ser aprobada polas Cortes Xerais, polo que é vinculante o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo de 2024, no que se fixaron os coeficientes de evolución do gasto para o período 2025-2027.

	2025	2026	2027
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3,20%	3,30%	3,40%

Da proxección da Liquidación Orzamentaria que se incorpora ao expediente correspondente ao ano 2025, vaise dar cumprimento ao obxectivo.

Endebedamento

Este é o principal obxectivo da Comisión, o control do endebedamento. O artigo 13 da LOEPSF, fixa o límite global da débeda do conxunto das AAPP no 60% do PIB, repartido entre os distintos subsectores: 44% Administración Central, 13% CCAA e 3% para o conxunto das entidades locais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Ao peche do ano 2024, o endebedamento das AAPP segundo o PDE, é do 101,8%, do que, o 21,1% corresponde ás CCAA e o 1,4% ás EELL.

O Subsector local, da cumprimento ao previsto no artigo 13 a LOEOSF, aínda que deberá reducir o seu peso para o peche do ano 2025, pasando do 1,4% ao 1,3% do PIB

Obxectivo

Segundo o acordo do Consello de Ministros do 16/07/2024, é o seguinte:

	2025	2026	2027
Subsector local	1,30%	1,30%	1,20%

O Concello de Vigo nin o Grupo de Consolidación, teñen débeda financeira pendente de amortizar, polo que, este obxectivo tamén será obxecto de cumprimento.

Liquidación Orzamentaria do ano 2024 do Grupo Concello de Vigo

O superávit do Grupo Concello de Vigo (Entidade Matriz, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO e Fundación CONVENTION BUREAU), foi de 49.304.742,49 euros.

O artigo 32 da LOEPSF está activado dende o inicio do ano 2024, polo que o superávit hai que destinalo á amortización dos pasivos financeiros que estean vivos.

O Grupo Concello de Vigo, non ten débeda financeira viva, polo que, o artigo 32 da LOEPSF non ten aplicación ao Grupo de consolidación.

Tampouco está prorrogada para o ano 2025 a DA 6º da LOEPSF, que require a tramitación e aprobación dun Rd-lei, polo que, non é aplicable o superávit ao financiamento de Investimentos Financeiramente Sostibbles (IFS), cuxos empregos non computarían no cálculo da Regra de Gasto, polo tanto, o RLTXG ten unha aplicación libre, aínda que, sempre dando cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, que de non cumprirse no ano 2025, aplicaranse as medidas correctivas e coercitivas previstas na LOEPSF.

Estado do Remanente Líquido de Tesoureira da Liquidación do ano 2024.

O RLTXG, constitúe un recurso de financiamento de modificacións de crédito. A dispoñibilidade será a que resulte de deducir do remanente inicial as contías destinadas a financiar modificacións do orzamento de gastos. En ningún caso, o RLTXG pode formar parte das previsións iniciais de ingresos, en consecuencia, non pode financiar créditos iniciais (artigo 104 do RD 500/1990).

O artigo 177 do TRLRFL, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que un dos recursos financeiros para o financiamento dun crédito extraordinario ou suplemento de crédito, é o RLTXG.

Destino do superávit

A regra xeral (artigo 32 da LOEPSF), en virtude da cal debe destinarse a amortizar anticipadamente débeda.

E a regra especial prevista na Disposición Adicional 6ª da LOEPSF, que regula a posibilidade de investir o superávit en Investimentos Financeiramente Sustentables (en diante, IFS).

No que respecta á regra especial, polo momento non se ordenou a súa prórroga para o exercicio en curso, aínda que se descoñece se esta producirase nos próximos meses.

O Concello de Vigo e o seu grupo de consolidación, non aplica a regra xeral, xa que non ten débeda financeira pendente de amortizar.

Tampouco é de aplicación, polo mesmo motivo, a aplicación do previsto no artigo 12.5 da LOEPSF en relación coa recadación de ingresos efectivos maiores que os previstos.

A Disposición Adicional 6ª da LOEPSF, en canto regra especial, constitúe unha excepción á regra xeral de destino do superávit do artigo 32 da LOEPSF, e permite destinar o superávit a outros usos distintos da amortización anticipada débeda, entre os que se atopan os investimentos financeiramente sustentables (IFS).

A vixencia da devandita disposición é anual, de modo que a súa aplicación esixe prórroga, ano tras ano, a través dunha norma con rango de lei, xa sexa mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou mediante un Real Decreto-lei.

Os destinos alternativos do superávit orzamentario que recoñece o D.A.6ª da LOEPSF son:

Atender obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior. Cancelar, posteriormente, o resto das obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

Financiar investimentos financeiramente sustentables (IFS) cos requisitos previstos na Disposición Adicional Décimosexta (D.A.16ª) do TRLRHL.

Poderán recorrer a estes destinos alternativos todas aquelas entidades que contén cun RLTGG positivo e superávit, con independencia de se teñen ou non débeda.

Requisitos para acollerse

Debe haber un RLTGG e superávit positivo.

A aplicación será a menor dos DOUS saldos.

Non deben superarse os límites para a autorización de operacións de endebedamento fixados polo TRLRHL; isto é, a débeda consolidada non pode superar o 110% dos ingresos correntes consolidados do exercicio anterior.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Debe haberse constatado o cumprimento de estabilidade orzamentaria en termos de contabilidade nacional, na liquidación do exercicio anterior.

Se pretenden realizar IFS, debe cumprirse cun período medio de pago (PMP) non superior a 30 días en relación cos datos no momento de iniciarse o expediente de investimento.

O RLTGG axustado polo importe das anualidades dos préstamos formalizados e vixentes co Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores (FFPP), en liquidación, e cos compartimentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais (FFEELL), debe ser positivo (só aos efectos de comprobación, non minora a contía do RLTGG nin o Superávit).

Como proceder

Non se habilitou a prórroga da DA 6ª da LOEPSF. Si hai débeda, hai que destinar a totalidade do superávit a redución da débeda, ou o RLTGG se fose menor.

Habilitouse a prórroga da DA 6ª da LOEPSF. Poderá optarse por reducir débeda ou acudir aos destinos alternativos: 1º Aplicar a contía polo importe da conta 413 si esta tivese saldo, 2º aplicar a IFS sempre que se cumpran os requisitos e os destinos sexan os previstos na Disposición Adicional Décimosexta (D.A.16ª) do TRLRHL, 3º amortización de débeda pola diferenza entre o superávit e o cumprimento de estabilidade na liquidación orzamentaria proxectada.

Anticipación por si se da cumprimento aos requisitos D.A.16ª do TRLRHL

Aos efectos da modificación orzamentaria en trámite, si se habilitase a prórroga da DA 6ª da LOEPSF unha vez aprobada a modificación orzamentaria ou en trámite, elevaríase ao Pleno da Corporación, proposta concreta para aprobar como IFS as que den cumprimento ao previsto na Disposición Adicional Décimosexta (D.A.16ª) do TRLRHL, posibilidade que se informou positivamente pola Secretaria Xeral de Financiamento Autonómica e Local, polo que se incluírá un apartado específico na proposta.

Dase cumprimento a todos os requisitos esixidos pola DA 6ª da LOEPSF:

Hai RLTGG positivo

Hai Superávit

Non hai débeda financeira pendente de amortizar

O período medio de pago do mes de maio da entidade é de 8,25 días, o do conxunto do ano (xaneiro-maio), é de 8,43 días, e o do grupo de consolidación do mes de maio é de 8,41 días.

En canto aos requisitos da (D.A.16ª) do TRLRHL, serían todas IFS coa excepción das que se corresponden co capítulo 2 do estado de gastos.

De someter no seu momento a proposta de cualificar os investimentos como IFS ao Pleno da Corporación, habería que incorporar un informe na que se acredita que:

A vida útil dos investimentos é superior a 5 anos.

Que o investimento é sustentable e posibilita o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e débeda.

Que o investimento non xera un gasto recorrente, polo tanto, non require unha proxección do mesmo durante a súa vida útil.

No entanto o anterior, so será considerada como IFS, si o gasto non está comprometido ao peche do ano 2025 e a súa execución remata a 31 de decembre do ano 2026.

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente 96/142 de modificación orzamentaria nº (56, 56A/2025), Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo do Servizo de Festas dá necesidade técnica e económica de dotar de financiamento unha aplicación orzamentaria por unha contía de 300.000 euros para afrontar o devengo dos dereitos de autor das actuacións do ano 2025.

Informe da Área de Fomento sobre a necesidade de crédito para facer fronte a:

Novas humanizacións que se relacionan na memoria por unha contía de 5.547.369,26 euros.

Mellora estrutural da Praza do Rei por unha contía de 2.600.000,00 euros.

Construción do aparcadoiro en Matamá, rúa M. Cominges por unha contía de 1.175.000,

Mellora da infraestrutura do Túnel de Beiramar por unha contía de 2.900.000,00 euros.

Primeira anualidade do proxecto Vigo Vertical de acceso ao Parque Matías por unha contía de 2.300.000,00 euros.

Suplementos de proxectos en execución da Área por unha contía de 1.475.000,00 euros.

Plan de mellora de firmes do viario municipal, por unha contía de 10.000.000,00 de euros.

Dotación para facer fronte ao custe de mantemento do Encoro de Eiras por unha contía de 1.500.000,00 euros a Augas de Galicia en execución de Sentenza.

Necesidades no servizo de xardíns para facer fronte a novas dotacións e reposicións dos actuais parques, construción do Parque Infantil Carlos Casares na Rúa Pintor Colmeiro, mellora do Paseo do Bao, Mellora de reposición no estanque do Parque de Castrelos e mellora da zona verde de Rivera Atienza, por unha contía de 5.618.000,00 euros.

Medio ambiente para facer o muro na praia de Sta Baia por unha contía de 62.500 euros.

Educación para mellora de muros de peche de CEIPs (Igrexa Valadares, Valle Inclán e M. Goldar), por unha contía de 591.000,00 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Para cubrición de DOUS patios de colexio (Celso Emilio Ferreiro e Lope de Vega) por unha contía de 1.850.000,00, euros.

Cuberta no CEIP Celso Emilio Ferreiro por unha contía de 635.121,00 euros.

Xuventude solicita dotación para acometer determinadas obras na Casa da Xuventude valoradas polos técnicos municipais en 50.000,00 euros.

Turismo, solicita unha dotación de 200.000 euros para actividades de un gran impacto económico: turismo cinematográfico, elaboración de dossiers sobre o semento MICE e o sector cinematográfico, comercialización de experiencias turísticas en Vigo.

Patrimonio para afrontar distintas obras en inmobles municipais (Casa Consistorial: mellora da infraestrutura, mellora dos sistemas de ventilación, adaptación das instalacións eléctricas de baixa e media tensión, mellora das instalación do PCI, 2ª fase da reforma das dependencias da Policía Local, complementar o financiamento por variacións no proxecto do acondicionamento do antigo ambulatorio de Teis para Biblioteca), acondicionamento do espazo cultural no Pazo de Congressos, derrubo dunha edificación no Barrio de Ribadavia así como a adquisición dunha parcela no Barrio do Rocío, acometer as obras dunha escaleira de emerxencia no inmobile da Escola de comercio, sendo as necesidades deste servizo por una contía de 5.286.661,49 euros.

Estatística, para a renovación de placas identificadoras de rúas por unha contía de 150.000 euros.

En mercados, para a mellora do mercado de Teis, insuficiencia de créditos en relación ao orzamento do proxecto por unha contía de 1.500.000,00 euros.

En deportes para o reequilibrio dos complexos deportivos de Florida, Barreiro e Navia, por unha contía de 2.522.000 euros.

Suplementar a dotación de recursos para a piscina de Teis, Complexo deportivo da Madroa, Dotación para a reposición da cuberta do Pavillón de Teis, Complexo das Travesas, cubertas do Pavillón de Coruxo, Pavillón Frontón cuberto, cambio de herba campo F. Monte da Mina, Pavillón Bembrive, Pavillón Lavadores, por unha contía de 3.932.541,73 euros.

Para os vestiarios de 9 campos de fútbol: A Bouza, Monte da Mina, San Andrés de Comesaña, A Guía, Santa Mariña, Carballal, Candeán, Meixoeiro e As Relfas Sárdoma, a contía solicitada é por 8.487.000,00 euros.

Patrimonio histórico para afrontar a reforma da fachada dos locais municipais de Elduayen e rúa Carral coa impermeabilización da Rúa Laxe, así como a reposición do muro do Parque de Castrelos por unha contía de 1.189.338,63 euros.

Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas especiais, suplemento das axudas ao Patrimonio artístico relixioso para o adro da Igrexa de Coruxo, acceso á Igrexa de Sampaio e San Cristobo de Candeán, para proxectos que están na área, por unha contía de 634.700,00 euros.

Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, para afrontar xuros de sentenzas, reintegros de ingresos e devolución de ingresos indebidos, por unha contía de 300.000 euros.

Financiamento dos empregos

O financiamento da modificación orzamentaria faise con cargo ao RLTX correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2024. A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, o resultado da Liquidación do Orzamento proxectada do ano 2025, unha vez tramitada a modificación orzamentaria 14/2025, expediente 301/143 e a que se está tramitando 56, 56A/2024, expediente 96/142 tendo en consideración as ratios de execución previstas, conclúese que a liquidación Orzamentaria do ano 2025, vai dar cumprimento aos obxectivos das regras fiscais aplicables ao ano.

Remanente Líquido de Tesourería GX da liquidación 2024	Utilizado	Dispoñible
Inicial (A)		173.223.723,70
Modificación incorporación de remanentes, expediente 301/143,14/2025	11.284.298,77	
Modificación de crédito, Cred. Extraord. Supl. Crédito, expediente 96/142	60.942.232,11	
Total remanente utilizado (B)	72.226.530,88	
Remanente dispoñible (A-B)		100.997.192,82

Achégase no expediente, o proxecto de liquidación do Orzamento 2025 do Grupo Concello de Vigo, inclúese a modificación en trámite, onde se estima que os empregos efectivos aplicados ao ano 2025, son os correspondentes á aplicación 1610/2250001, por unha contía de 1.500.000,00 euros e das aplicacións 3410/2269940 e 2269941, por unha contía de 1.182.000,00 euros e 1.340.000,00 euros respectivamente, dando cumprimento aos obxectivos das regras fiscais, sempre tendo en conta as ratios de execución previstas, que resulta da serie histórica, así como das previsións de liquidación do estado de ingresos.

En canto ao cumprimento da regra de gasto, os empregos non financeiros previstos axustados, están dentro da evolución do 3,2% sobre os empregos non financeiros axustados da Liquidación do Orzamento do ano 2024, polo tanto, tamén está previsto o cumprimento de este obxectivo

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2025 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

Período medio de pago.

É obrigatorio que os pagos a provedores pola débeda comercial, se faga nun prazo inferior a 30 días dende a conformidade da factura.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

En relación con PMP, faise constar que o período medio de pagos está dentro do legalmente previsto, sendo o prazo medio do ano 2024 9,65 días naturais, e o correspondente ao período xaneiro-maio do ano 2025, é de 8,43 días .

O PMP non forma parte das regras fiscais (Estabilidade, teito de gasto, endebedamento), aínda que é unha consecuencia, a aplicación do RLTX vai a xerar empregos que requiren o seu pagamento, se a entidade non ten capacidade para facer fronte aos pagos dentro dos 30 días, os novos pagos que xurdan da aplicación do RLTX, vai a xerar máis estrés na liquidez. Non é o caso do Concello de Vigo, que fai fronte a seu pagamento en prazo, e a liquidez do ente, permítelle garantir o cumprimento deste requisito.

En consecuencia, dáse cumprimento a todos os requirimentos legais previsto no ordenamento xurídico de aplicación:

- a) Hai necesidade inaprazable, segundo as memorias xustificativas de facer fronte aos gastos que conforma esta modificación orzamentaria no ano 2025.
- b) Non hai crédito no estado de gastos do orzamento vixente, ou este é insuficiente para afrontar as necesidades contidas no expediente nº 96/142.
- c) A proxección da Liquidación dos orzamentos do ano 2025 do Grupo de Consolidación Concello de Vigo, informa sobre o cumprimento dos obxectivos das regras fiscais (superávit e cumprimento da regra de gasto) de acordo á senda prevista para o ano 2025.
- d) Hai recurso financeiro dispoñible (RLTX) para facer fronte aos empregos previstos no expediente 96/142.
- e) Hai cumprimento do Período Medio de Pagos, facéndose os pagos nun prazo moi inferior que o previsto no Real Decreto 635/2014.
- f) A Liquidación Orzamentaria do ano 2024, xerou una aforro neto positivo.
- g) O Grupo de Consolidación non ten pasivos financeiros pendentes de amortizar.

Á vista da documentación contida no expediente, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Proposta a Pleno previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 56 56A/2025 por una contía de 60.942.232,11 euros, Crédito Extraordinario por unha contía de 50.089.532,11 euros e Suplemento de Crédito por unha contía de 10.852.700,00 euros, correspondente ao expediente 96/142, para facer fronte a inexistencia ou insuficiencia de créditos que se relacionan na táboa de anexos de empregos, que resultan empregos inaprazables, quedando xustificada nas memorias dos Servizos, tanto a inaplazabilidade dos empregos como a falta ou insuficiencia de dotación orzamentaria para esta finalidade.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2024, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito. A cuantificación deste recurso figura no expediente e na proposta, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 56, 56A/2025.

Distribución por aplicacións, Proxectos, concepto e contías

Aplicación	CC	Proxecto	Concepto de Emprego	C.Extraordinario	S.Crédito
1532/6190012	212	23153212	Reforzo estrutura Praza do Rei		2.600.000,00
1532/6190037	212	25153237	Aparcadoiro R.M. Cominges, Matamá		1.175.000,00
1532/6190042	212	25153242	Humanización Rúa Progreso, Dr.Cadaval- rúa Pracer	1.200.000,00	
1532/6190043	212	25153243	Humanización Rúa Mondaríz	860.000,00	
1532/6190044	212	25153244	Humanización Rúa Soutomaior	385.000,00	
1532/6190045	212	25153245	Humanización Rúa Tomiño	695.000,00	
1532/9190046	212	25153246	Mellora accesibilidade Ronda de D. Bosco	168.000,00	
1532/6190048	212	25153248	Demolición estrutura e peatonalización Acc. Ermita da Guía	645.000,00	
1532/6190049	212	25153249	Muro contención Galindra	95.000,00	
1532/6190055	212	25153255	Humanización Rúa R. Castro, R.Pontevedra-R.Argentina	718.628,83	
1532/6190057	212	25153257	Humanización Rúa Doutor Carracido	780.740,43	
1532/6190057	212	25153258	Mellora instalacións no túnel de Beiramar	2.900.000,00	
1532/6190058	212	25153259	Plan de renovación de firmes viario do Municipio	10.000.000,00	
1532/6190066	212	22153266	Beirarrúas Cesáreo Vázquez, P Canido e R.Mella		975.000,00
1539/6190003	212	17153903	Paso soterrado P. do Sol		500.000,00
1539/6090040	212	25153940	Vigo Vertical, 1ª Anual.escaleiras acceso Parque Matías	2.300.000,00	
1610/2250001	621	Non	Taxa Augas de Galicia encoro Eiras	1.500.000,00	
1710/6190040	212	25171040	Parque Infantil Pintor Colmeiro, Parque Carlos Casares	718.000,00	
1710/6190041	212	25171041	Mellora Paseo Praia do Bao	1.400.000,00	
1710/6190042	212	25171042	Inv.Repos. e mellora de Parques Infantís e biosaudables	1.300.000,00	
1721/6090040	212	25172140	Muro Praia de Alcabre Sta. Baia	62.500,00	
1710/6190043	212	25171043	Mellora Zona Verde en Rivera Atienza	1.000.000,00	
1710/6190044	212	25171044	Mellora de reposición estanque P. de Castrelos	1.200.000,00	
2310/4539000	6511	Non	Convenio Xantar na Casa		76.000,00
2310/4810000	6511	Non	Becas, libros, comedor		200.000,00
3230/6320040	211	25323040	Muro contención CEIP Igrexa Valadares	221.000,00	
3230/6320041	211	25323041	Muro CEIP Valle Inclán	195.000,00	
3230/6320042	211	23323042	Cubrición Patio de Colexio Celso Emilio Ferreiro	755.000,00	
3230/6320043	211	25323043	Cubrición Patio de Colexio Lope de Vega	1.095.000,00	

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1922/1102

3230/6320044	211	25323044	Mellora peche parcela CEIP Mestres Goldar	175.000,00	
3230/6320045	211	25323045	Cuberta Colexio Celso Emilio Ferreiro	635.121,00	
3360/6320040	211	25336040	Reforma fachadas locais Elduayen	168.130,01	
3360/6190041	212	25336041	Arranxo Rúa Laxe por humidades locais rúa Carral	971.208,62	
3360/6190042	212	25336042	Reposición Muro do Parque de Castrelos	50.000,00	
3360/7800010	6511	25336005	Subvencións ao Patrimonio Histórico Relixioso		634.700,00
3370/6320040	211	25337040	Obras de mellora no edificio da Casa da Xuventude	50.000,00	
3380/2260906	629	Non	Taxas SGAE 2025		300.000,00
3410/2269940	629	Non	Reequilibrio complexo Deportivo Florida – Barreiro	1.182.000,00	
3410/2269941	629	Non	Reequilibrio complexo deportivo Navia	1.340.000,00	
3420/6320003	211	25342003	Complexo Deportivo da Madroa		800.000,00
3420/6320015	211	22342009	Investimento mellora piscina Teis		1.000.000,00
3420/6320040	211	25342040	Cuberta Pavillón Teis	522.241,73	
3420/6320041	211	25342041	Mellora cuberta Pavillón Complexo Travesas, EDIL	520.300,00	
3420/6320042	211	25342042	Reparación cuberta Pavillón de Coruxo	250.000,00	
3420/6320043	211	25342043	Reparación cuberta Pavillón Frontón cuberto	250.000,00	
3420/6320044	211	25342044	Cambio de herba campo F. Monte da Mina	350.000,00	
3420/6320045	211	25342045	Pavimento deportivo Pavillón Bembrive	120.000,00	
3420/6320046	211	25342046	Pavimento deportivo Pavillón Lavadores	120.000,00	
3420/6320047	211	25342047	Vestiaros campo fútbol da BOUZA	941.000,00	
3420/6320048	211	25342048	Vestiaros campo fútbol de MONTE DA MINA	1.205.000,00	
3420/6320049	211	25342049	Vestiaros campo fútbol de SAN ANDRÉS DE COMESAÑA	941.000,00	
3420/6320050	211	25342050	Vestiaros campo fútbol da GUÍA	941.000,00	
3420/6320051	211	25342051	Vestiaros campo fútbol de SANTA MARIÑA	818.000,00	
3420/6320052	211	25342052	Vestiaros campo fútbol de CARBALLAL	941.000,00	
3420/6320053	211	25342053	Vestiaros campo fútbol de CANDEÁN	941.000,00	
3420/6320054	211	25342054	Vestiaros campo fútbol de MENXUEIRO	818.000,00	
3420/6320055	211	25342055	Vestiaros campo fútbol das RELFAS SÁRDOMA	941.000,00	
4312/6320000	211	21431200	Mellora Mercado de Teis, adecuación presuposto		1.500.000,00
4320/4800040	6510	Non	Actividades de promoción turística e desestacionalidade	200.000,00	
9231/2219902	629	Non	Plan de renovación Placas identificativas en rúas	150.000,00	
9207/6260040	217	25920740	Sistema de control de acceso a rede NAC	160.000,00	
9330/6000044	210	25933044	Adquisición parcela no barrio Rocio, Aparcamento	52.880,00	
9330/6320015	211	24933015	2ª F. obras e instalacións nas dependencias da Policía Local		582.000,00
9330/6320040	211	25933040	Obras e instalacións de estrutura interna Casa Consistorial	350.000,00	
9330/6330041	214	25933041	Mellora instalacións ventilación Casa Consistorial	408.000,00	
9330/6320042	211	25933042	Escaleira emerxencia Edificio Escola de Comercio	133.781,49	
9330/6320043	211	25933043	Obras adaptación Espazo cultural Pazo Congressos	1.400.000,00	
9330/6320045	211	25933045	Derrubo dunha edificación no Barrio de Ribadavia	350.000,00	
9330/6320046	211	25933046	Mellora instalacións eléctricas baixa tensión, C.Constoral	500.000,00	
9330/6320047	211	25933047	Mellora instalacións eléctricas media tensión, C.Constoral	500.000,00	
9330/6320048	211	25933048	Mellora instalacións de PCI, C. Consistorial	500.000,00	
9330/6320062	211	20933062	Acondicionamento Antigo Ambulatorio de Teis para Biblioteca		510.000,00
9340/3520000	6697	Non	Xuros de demora sentenzas, reintegros-devolución ingresos		300.000,00
Subtotal				50.089.532,11	10.852.700,00
Total					60.942.232,11

Distribución dos empregos por capítulos

Capítulo	2	4.472.000,00
Capítulo	6	55.835.532,11

S.ord. 11/07/2025

Capítulo	7	634.700,00
Total		60.942.232,11

Distribución dos empregos por servizos

Servizo (Funcional)	Importe	Grupo programa
Vías e Obras	23.197.369,26	153
Vigo Vertical	2.800.000,00	153
Abastecemento e saneamento	1.500.000,00	161
Parques e Xardíns	5.618.000,00	171
Praias	62.500,00	172
Benestar Social	276.000,00	231
Educación	3.076.121,00	323
Patrimonio Releixioso, Xardíns e Comercio	634.700,00	336
Patrimonio Histórico	1.189.338,63	336
Xuventude	50.000,00	337
Festas (SGAE)	300.000,00	338
Deportes	14.941.541,73	341,342
Mercados	1.500.000,00	431
Estatística	150.000,00	923
Turismos, VCB promoción	200.000,00	432
Administración electrónica	160.000,00	920
Patrimonio, obras e instalacións C.Consistorial	5.286.661,49	933
Tesorería, xuros de reiteiros, devolución ingresos	300.000,00	934
Total	60.942.232,11	

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación dos créditos relacionados no expediente 96/142.

QUINTO.- Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente, os Servizos xestores, ao amparo do previsto no artigo 117 da LCSP, poderán iniciar a tramitación dos expedientes administrativos de aplicación dos recursos como anticipados de gasto.

SEXTO.- Se no transcurso do ano 2025, a Entidade asinase algún convenio de colaboración que incluíse proxectos de investimento que figuran neste expediente, procederase a facer o axuste de créditos, mudando o criterio de financiamento, pasando a ser un investimento cofinanciado, e de ser o caso, a incorporación de remanentes ao orzamento do ano 2026 tan só alcanzaría a contía de crédito necesario que xuntamente co cofinanciamento de outro axente, resultase suficiente para afrontar o financiamento do proxecto. Así mesmo, si do proceso de execución desta modificación, resultase que algunha das dotacións non fose necesaria na súa totalidade ou xurdisen problemas técnicos, non poderá ser utilizada para outra finalidade e tampouco sería incorporable ao ano 2026.

SEPTIMO.- Si se habilitase a prórroga da DA 6ª da LOEPSF unha vez aprobada a modificación orzamentaria ou si estivese en trámite, elevaríase ao Pleno da Corporación, proposta concreta para aprobar como IFS os investimentos que den cumprimento ao previsto na Disposición Adicional Décimosesta (D.A.16ª) do TRLRHL, posibilidade que se considerou favorable pola Secretaria Xeral de Financiamento Autonómica e Local.

Dáse cumprimento a todos os requisitos esixidos pola DA 6ª da LOEPSF:

Hai RLTGG positivo.

Hai Superávit da Liquidación do ano 2024.

Non hai débeda financeira pendente de amortizar.

O período medio de pago do mes de maio da entidade é de 8,25 días, o do conxunto do ano (xaneiro-maio), é de 8,43 días, e o do grupo de consolidación do mes de maio é de 8,41días.

En canto aos requisitos da (D.A.16ª) do TRLRHL, serían todas IFS coa excepción das que se corresponden co capítulo 2 do estado de gastos.

De ser o caso, habería que incorporar un informe na que se acreditase o seguinte:

Que a vida útil dos investimentos dos IFS é superior a 5 anos.

Que o investimento e sustentable e posibilita o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda.

Que o investimento non xera un gasto recorrente, polo tanto, non require unha proxección do mesmo durante a súa vida útil, é dicir, que o investimento en termos de mantemento e funcionamento non pon en risco a sostibilidade financeira e orzamentaria.

Aos efectos da D.A.16ª do TRLRHL, so será considerada como IFS, si o gasto está comprometido ao peche do ano 2025 e a súa execución remata a 31 de decembre do ano 2026. En consecuencia, so poderían ser obxecto de cualificar e aprobar como IFS, aquelas que cheguen a fase de compromiso do gasto dentro do ano 2025.

Os empregos en IFS non computan no cálculo da regra de gasto, se non adquiren a condición de gasto comprometido no ano 2025, computarán na súa totalidade nos empregos aos efectos da regra de gasto.

Todo elo sen prexuízo do informe preceptivo do Sr. Interventor Xeral Municipal en relación coa cualificación dos IFS e a consistencia da proxección orzamentaria en relación co impacto dos IFS.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(533).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A CONSOLIDACIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CÍES XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO” ANO 2025. EXPTE. 8844/104.

Visto o informe xurídico do 19/05/2025 e o informe de fiscalización do 30/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Turismo, e conformado pola concelleira-delegada da Área de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data do 08/04/2025, a Concelleira da área de Turismo e Xuventude autoriza o inicio do expediente para a elaboración dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a realización de actividades necesarias para a consolidación da candidatura “Illas Cíes Xeoparque mundial da UNESCO”, por importe total de 50.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.2279908 “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS E ACTIVIDADES NECESARIAS PARA A CONSOLIDACIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CÍES XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO” ano 2025, do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

ANTECEDENTES

Desde o ano 2010, o Concello de Vigo liderou a candidatura Illas Cíes Patrimonio da UNESCO impulsando un ambicioso programa de investigación, educación e divulgación, fortalecendo a conciencia ambiental sobre este territorio e promovendo un desenvolvemento sostido fundamentado no patrimonio natural e cultural. Para iso, o Concello de Vigo deseñou e desenvolveu diversas accións que culminan en resultados concretos, materializados en forma de apoios e de estudos de alto valor técnico, que avalan o proceso de candidatura. Derivado dos traballos realizados no seo das mesas de traballo do Comité Científico constatouse o significativo e diverso patrimonio xeolóxico do arquipélago. É por iso, que se considera que as Illas Cíes reúnen os requisitos necesarios para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento socioeconómico dun Geoparque. Neste contexto, o Concello de Vigo, firme no seu compromiso coa conservación, protección e promoción das Illas Cíes, promove a iniciativa de proposta de candidatura do arquipélago, como “Geoparque Mundial UNESCO”.

A Xunta de Goberno Local adopta, en data 22 de setembro de 2023, o seguinte acordo: “PROPOSTA DE APROBACIÓN DA “FOLLA DE RUTA” PARA A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA “ISLAS CÍES, GEOPARQUE MUNDIAL DE LA UNESCO”. EXPTE. 8506/104” no marco do cal, se elabora o documento denominado “Hoja de Ruta” (documento anexo) da candidatura “Illas Cíes, Xeoparque Mundial da Unesco” no que se analiza os obxectivos específicos e resultados a alcanzar e se define o Plan de traballo a seguir, para a presentación da candidatura oficial para que as Illas Cíes formen parte da “Red Mundial de Geoparques de la UNESCO”

O documento “Hoja de Ruta” responde as directrices operativas para os “Geoparques Mundiales” UNESCO e ao procedemento para a presentación da candidatura Illas Cíes a Xeoparque Mundial da UNESCO, entre os seus obxectivos levar a cabo un plan de acción co desglose das accións de promoción da candidatura, estruturada en eixos de actuación que englobe a creación de marca, a comunicación e a divulgación da candidatura, establecendo colaboracións e alianzas estratéxicas e a sensibilización da comunidade local e dos visitantes sobre a importancia das Illas Cíes como Xeoparque.

O Concello de Vigo na súa aposta e compromiso pola conservación, protección e promoción turística e medio ambiental sostible das Illas Cíes, que se atopan no termo municipal de Vigo, promove e lidera a proposta de candidatura do arquipélago como Xeoparque Mundial UNESCO.

A inscrición deste ben na Lista de Xeoparque Mundial presenta, entre outras, as seguintes vantaxes:

- Confírelle á comunidade local a posibilidade de celebrar o ben como un dos sitios naturais máis importantes do mundo, coa promoción que iso supón para un dos principais símbolos da cidade de Vigo.
- Converte o ben nun emblema para a rede nacional de áreas e sitios protexidos, propiciando un maior e mellor recoñecemento e unha mellor protección do patrimonio natural.
- Estimula a cooperación de todas as administracións en favor da protección do ben.
- Ofrece a posibilidade de mobilizar fondos e apoio para a conservación e preservación do ben, especialmente, do Fondo Patrimonio Mundial.
- Permite difundir técnicas e prácticas de protección, conservación e xestión do ben.

A Universidade de Vigo, de acordo co establecido no art. 2.2 c) da Lei Orgánica do Sistema Universitario ten entre as súas funcións as de: xeración, desenvolvemento, difusión, transferencia e intercambio do coñecemento e a aplicabilidade da investigación en todos os campos científicos, tecnolóxicos, sociais, humanísticos, artísticos e culturais.

Asemade, o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo asinaron 1 de marzo de 1996 un Acordo Marco de Colaboración co obxecto de instrumentar e regular as súas relacións de colaboración e cooperación mutua, mediante a eventual subscripción de convenios específicos en cada caso.

A cláusula segunda do dito convenio establece que os obxectivos deste convenio están centrados en fortalecer a valorización e a xestión sostible do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes e o municipio de Vigo a través da investigación e o desenvolvemento de estratexias de conservación e promoción que contribúan ao coñecemento, á protección e ao aproveitamento responsable dos recursos xeolóxicos locais.

Pola súa parte, a cláusula cuarta do dito convenio establece os compromisos das partes que se detallan do seguinte modo:

A) Compromisos da Universidade de Vigo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

Como institución pública científico-técnica reforza o proceso da candidatura fomentando a cooperación entre ambas entidades para a consecución do desenvolvemento sostible do territorio. Este compromiso materializouse a través da creación e coordinación de dous comités esenciais: o Comité Xeocientífico e o Comité Socioeconómico. A cooperación entre a universidade e outras entidades oríentase cara ao obxectivo común de promover un desenvolvemento territorial sostible. A estrutura e operación dos comités Xeocientífico e Socioeconómico, reflicten un enfoque colaborativo e estratéxico entre Universidades, Centros de Investigación e o Concello de Vigo.

- Comité Xeocientífico

Baixo a coordinación de Irene Alejo e Gonzalo Méndez, do departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio da Universidade de Vigo, este comité foi deseñado para impulsar o coñecemento xeolóxico e a investigación das Illas Cíes. A elección dos membros deste comité por Alejo e Méndez, e a súa posterior aprobación polo Concello de Vigo, aseguran que a equipa estea composta por persoas cunha alta cualificación e compromiso coa investigación e promoción do patrimonio xeolóxico.

A súa principal tarefa é avaliar e validar a información recollida sobre as Illas Cíes, complementar o coñecemento existente con novos datos e campañas de campo, e elaborar un informe técnico que respalde a candidatura. Ademais, identificarán nichos de coñecemento para propor novas liñas de investigación, asegurando así que a candidatura non só estea fundamentada no coñecemento actual senón que tamén impulse a xeración de novo coñecemento.

- Comité Socioeconómico

Coordinado por Sebastián Villasante, un investigador recoñecido da Universidade de Santiago. Este comité enfócase en aspectos como a planificación estratéxica do turismo, a valorización dos servizos ecosistémicos e a economía dos recursos naturais. A proposta de membros por parte de Villasante, seguida da súa aprobación polo Concello de Vigo, reflicte unha intención de reunir a expertos cunha visión ampla e multidisciplinar que poden contribuír significativamente á análise e desenvolvemento socioeconómico sostible do territorio.

A tarefa principal deste comité é ofrecer unha visión estratéxica sobre como potenciar o turismo e outros servizos ecosistémicos de maneira que beneficien tanto á economía local como á mantenza dos recursos naturais e a biodiversidade do territorio.

O Concello de Vigo exerce a presidencia dos Comités Xeocientífico e Socioeconómico (aprobados mediante Resolución da Concelleira de Área de Política

Social Turismo e Xuventude en data 29/09/23), para unificar esforzos e aproveitar a experiencia multidisciplinar en apoio á candidatura. Por este motivo os comités asumen as seguintes funcións, enmarcadas dentro da folla de ruta da candidatura para o proxecto das Illas Cíes como Xeoparque Mundial da UNESCO aprobada en Xunta de Goberno Local en data 22 de setembro do 2023.

Para lograr este obxectivo, definíronse 3 eixos vertebrados que orientan as actividades planificadas: a investigación, para a catalogación e documentación do patrimonio xeolóxico, a educación enfocada na elaboración e difusión de materiais didácticos accesibles para estudantes e por último a promoción, que busca dar a coñecer e por en valor os recursos xeolóxicos, naturais e culturais do territorio ao público en xeral.

A continuación detállanse as actividades planificadas para esta anualidade en función de estes tres eixos.

A Universidade de Vigo está obrigada a presentar unha proposta **de orzamento desglosado por partidas obxecto das accións previstas no marco deste convenio**, que serán aprobadas na Comisión de seguimento.

❖ Eixo 1: Investigación

Este eixo céntrase na identificación, documentación estudo e valorización do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes e a zona de Vigo.

1.1 Estudo comparativo do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes e a súa singularidade en relación con outros xeoparques

- o **Obxectivo:** Argumentar con base científica a singularidade e complementariedade do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes/Vigo en relación con outros xeoparques nacionais e internacionais. O estudo permitirá identificar os atributos comúns e distintivos do territorio, demostrando o seu valor singular dentro da rede de xeoparques.
- o **Descrición:** Como parte dos estudos requiridos para a candidatura a Xeoparque Mundial UNESCO segundo o establecido nas Directrices, realizarase unha análise comparativa do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes/Vigo con outros xeoparques tanto rexionais, nacionais e internacionais. Para iso identificaranse territorios con características similares e analizaranse os trazos xeolóxicos comúns e distintivos. O



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

estudos basearase nunha revisión bibliográfica, traballo de campo aplicando a metodoloxía científica. O obxectivo é evidenciar o valor diferencial do territorio, para xustificar a súa relevancia dentro da rede global de xeparques UNESCO.

1.2 Organización dunha xornada de intercambio con outros xeparques

- o **Obxectivo:** Facilitar a creación de redes e a colaboración con outros xeparques mediante unha xornada de intercambio de experiencias. O evento permitirá compartir leccións aprendidas, destacar os elementos diferenciadores das Illas Cíes e buscar sinerxías para futuras iniciativas. Contarase coa participación de expertos nacionais e internacionais en xestión e valorización do patrimonio xeolóxico.
- o **Descrición:** Como parte das accións para fortalecer a candidatura, organizarase unha xornada de intercambio con representantes de xeparques recoñecidos en España e a nivel internacional. O obxectivo é fomentar o diálogo, compartir boas prácticas e explorar posibles colaboracións. Invitarase a expertos en xestión de xeparques, así como a unha figura destacada no ámbito da valorización socioeconómico do patrimonio xeolóxico.

1.3 Fomento da investigación académica nas Illas Cíes coa realización de TFG e TFM

- o **Obxectivo:** Fomentar a investigación académica sobre o patrimonio xeolóxico, natural e cultural das Illas Cíes mediante unha promoción de traballos de Fin de Grao (TFG) e traballos de Fin de Máster (TFM) que inclúan estudos de campo na zona.
- o **Descrición:** Establecemento de mecanismos de apoio e coordinación a realización de TFGs e TFMs relacionados coa xeodiversidade, a biodiversidade, os perigos naturais, cambio climático e a valorización socioeconómica do territorio. Proporcionaranse orientacións e asesoramento científico aos estudantes. Así mesmo, promoverase a recollida de datos de campo nas Illas Cíes, ademais de facilitar acceso a infraestruturas de investigación e recursos bibliográficos especializados para garantir a calidade e rigor dos estudos

presentados.

❖ Eixo 2: Educación

Este eixo enfócase en transformar o coñecemento científico xerado polo comité de candidatura das Illas Cíes en recursos educativos dinámicos e accesibles para estudantes e xestores turísticos.

2.1. Curso de formación para guías do aspirante Xeoparque

- o **Obxectivo:** Capacitación a guías turísticos para ofrecer rutas interpretativas baseadas no patrimonio xeolóxico, natural e cultural das Illas Cíes.
- o **Descrición:** En colaboración co Parque Nacional das Illas Atlánticas, organizarase un curso de formación especializados para guías turísticos que operan dentro do parque nacional. Este programa inclúe formación teórica e práctica sobre a xeoloxía das Illas Cíes para mellorar a interpretación do territorio.

2.2. Lanzamento do programa educativo “Planeta Cíes Xeoparque”

- o **Obxectivo:** Implicar aos centros educativos na divulgación do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes mediante a creación de proxectos escolares relacionados coa temática do Xeoparque.
- o **Descrición:** Diseñarase un programa educativo dirixido aos centros de secundaria do Concello de Vigo, que incluírá a entrega de material didáctico e a organización dunha exposición itinerante en cada centro participante durante unha semana. A mostra incluírá paneis informativos e recursos pedagóxicos específicos para o alumnado de secundaria. Ademais, impartirase charlas divulgativas sobre a importancia xeolóxica, ambiental e cultural das Illas Cíes. O programa incentivará a participación activa do alumnado a través dun concurso entre os centros inscritos, fomentando a creatividade e a investigación. Tamén está prevista a impresión de 1500 unidades didácticas para repartir entre os centros inscritos que facilitarán o traballo entre



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

docentes e alumnado.

2.3. Organización de actividades de promoción do xeoparque nos campamentos urbanos

- o **Obxectivo:** Integración da temática do xeoparque nas actividades dos campamentos urbanos xa existentes organizados polo Concello de Vigo, no que se promova a educación ambiental e xeolóxica entre o público xeneral.
- o **Descrición:** En colaboración cos campamentos urbano organizados polo Concello de Vigo, incorporaranse actividades específicas relacionadas coa xeodiversidade e biodiversidade das Illas Cíes. Estas accións incluírán obradoiros, xogos, visitas guiadas e dinámicas en equipo, co obxectivo de fomentar o coñecemento sobre o patrimonio xeolóxico do territorio de forma lúdica e accesible. Asimesmo facilitaranse recursos educativos adaptados (material didáctico) para que os participantes adquiren unha comprensión máis profunda do valor do xeoparque.

❖ Eixo 3: Promoción

O obxectivo deste eixo é a difusión do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes e o fortalecemento da candidatura a través de actividades de comunicación e divulgación.

3.1. Creación e dinamización das RRSS da candidatura

- o **Obxectivo:** Difundir e visibilizar a candidatura das Illas Cíes a Xeoparque Mundial UNESCO a través das redes sociais, fomentando a participación cidadá, a divulgación científica e a posta en valor do patrimonio xeolóxico e ambiental do territorio. Creando unha comunidade activa que siga o proceso da candidatura.

- o **Descrición:** Creación e xestión de perfís oficiais da candidatura en redes sociais (Facebook, Instagram, LinkedIn, Youtube) para compartir contidos divulgativos, actividades do proxecto e avances da candidatura. Durante o primeiro ano, levarase unha estratexia de comunicación baseada en publicacións periódicas con información sobre os valores xeolóxicos, ambientais e culturais do territorio, incluíndo entrevistas con expertos, retransmisión de eventos e difusión das iniciativas educativas e científicas.

3.2. Creación novos produtos turísticos e rutas xeolóxicas

- o **Obxectivo:** Promover un modelo de turismo sustentable que potencia a divulgación e coñecemento do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes. Desenvolveranse experiencias turísticas que combinen interpretación xeolóxica, conservación ambiental e valorización do territorio en colaboración con axentes locais.
- o **Descrición:** Deseño de novas rutas interpretativas que resalten a xeodiversidade e biodiversidade das Illas Cíes, incorporando mapas e folletos de sendeirismo educativos que inclúan os puntos de interese xeolóxico e natural. Asimemo, desenvolveranse paquetes xeoturísticos en colaboración con empresas de hostalaría, navieiras e outros operados locais, combinando visitas guiadas con experiencias gastronómicas e culturais vinculadas ao territorio. O lanzamento destes produtos turísticos incluírá unha estratexia de promoción para atraer visitantes interesado no turismo científico e natureza, fortalecendo a identidade do arquipélago como xeodestino de referencia.

3.3. Creación figuras representativas do Xeoparque

- o **Obxectivo:** Creación figuras representativas do Xeoparque que sievan como embaixadores do proxecto, facilitando a divulgación e interacción co público nos diferentes eventos e actividades realizadas.
- o **Descrición:** Elaboración dun discurso asociado a cada figura xeolóxica que simbolizará os diferentes elementos xeolóxicos das Illas Cíes. Estas figuras participarán en actividades de promoción, eventos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

divulgativos, etc. Asimesmo, estableceranse estratexias para incorporar estas figuras aos medios dixitais e redes sociais, para reforzar a identidade do Xeoparque.

A continuación, preséntase o orzamento correspondente a cada un dos tres eixos de traballo en función das actividades planificadas para a anualidade 2025:

Personal Propio de Uvigo (aportación Uvigo)	Irene Alejo (dedicación 10%, 12 meses)	Cofinanciación Uvigo
	Gonzalo Méndez (dedicación 10%, 12 meses)	Cofinanciación Uvigo
Contratos de servicio y/o de personal temporal para actuaciones del convenio	Investigador/a estudio comparativo	6.500,00 €
	Técnico/a de comunicación	5.000,00 €
	Divulgación en Charlas (Guías + Geo-planeta Cíes + Campamentos)	6.500,00 €
	Investigador Turismo y Economía: Diseño de productos GeoTurísticos	10.000,00 €
	Retribución TFG (pago de viajes de campo, análisis etc)	3.000,00 €
Gastos de Viajes	Viajes de miembros del comité para reuniones Vigo	3.000,00 €
	Viajes de ponentes para encuentro de Geoparque	2.500,00 €
Servicios Empresas Externas	Contrato empresa diseño figuras promocionales	4.000,00 €
	Impresión Unidades	2.000,00 €
COSTES INDIRECTOS UVIGO 15%		7.500,00 €

B) Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo asume a responsabilidade de realizar as accións pertinentes neste proceso de Candidatura.

Coordinar a equipa de traballo da candidatura.

Apoiar na dinamización ás mesas de traballo específicas e recompilación e elaboración do traballo resultante para a súa validación científica por parte da Universidade de Vigo.

Aprobar e validar as accións que sexan deseñadas no ámbito do reforzo científico-técnico da candidatura.

Levar a cabo campañas de sensibilización, dirixidas tanto á comunidade local como a visitantes potenciais, sobre o valor do Xeoparque e a importancia da súa conservación.

Difundir as accións, tanto a nivel interno como externo, fomentando a creación de masa crítica e un alto índice de participación.

Facilitará información sobre recursos, medios e programas específicos que poidan ser de interese para o desenvolvemento das diferentes actividades.

Difundir a súa participación e colaboración en todas as actividades que se realicen no marco do Convenio, nos soportes habituais que utilicen para as súas actividades.

Aportará no marco do Convenio, unha achega económica de 50.000,00 €.

A obtención da declaración das Illas Cíes, “Geoparque Mundial” de la UNESCO, suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1922/1102

que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, mediante Resolución da Alcaldía de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 e posterior de 1 de xullo de 24 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, por Resolución de Alcaldía de data 28 de xuño de 24 estableceuse delegar na área de goberno de Política Social e Turismo entre outras a seguinte facultade: Dirección e impulso das candidaturas das “Illas Cíes Geoparque Mundial UNESCO”, quedan facultadas a Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude e a Concelleira de área de Política Social e Turismo para asinar o citado convenio.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción da seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS E ACTIVIDADES NECESARIAS PARA A CONSOLIDACIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CÍES XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO” ano 2025

SEGUNDO.- Aprobar e dispor o gasto por importe de 50.000,00 euros, en concepto do estipulado no Convenio, a favor da Universidade de Vigo con cargo á aplicación orzamentaria 4320.2279908 “Convenio Uvigo Candidatura a Geoparque” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

TERCEIRO.- Requirir á Universidade de Vigo o presente acordo para que no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da notificación deste, se proceda a súa formalización no correspondente documento administrativo.

CUARTO.- Ordenar a publicación do Convenio, de acordo co artigo 8.1.b da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS E ACTIVIDADES NECESARIAS PARA A CONSOLIDACIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CÍES XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO”

En Vigo, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Yolanda Aguiar Castro, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Concelleira de Área de Política Social, Turismo e Xuventude, de acordo coa Resolución de data 20 de xuño de 2023 e posterior de data 28 de xuño de 2024 de delegación de competencias específicas do Alcalde, Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, que establece na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultade: Dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico, conforme ao disposto no artigo 124.5 da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, polo que se regulan as bases do réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e no artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, que actúa en nome e representación da Universidade de Vigo, en virtude do Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2019, con enderezo no edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo,

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento do presente convenio e

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPOÑEN

I. Os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, segundo o previsto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

O artigo 25.2. h) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás administracións locais competencia en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local. Asemade a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2. n) regula como unha competencia local a xestión de actividades culturais e a ocupación do tempo libre e o turismo.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, dispón que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no artigo 80,2n) que atribúe aos concellos a xestión de actividades culturais e de ocupación do tempo libre e o turismo, continuarán exercéndoas, rexéndose pola indicada lexislación.

II. Pola súa parte, a Universidade de Vigo, de acordo co establecido no art. 2.2. c) da Lei Orgánica del Sistema Universitario, ten entre as súas funcións a xeración, desenvolvemento, difusión, transferencia e intercambio do coñecemento e a aplicabilidade da investigación en todos os campos científicos, tecnolóxicos, sociais, humanísticos, artísticos e culturais.

Asemade, o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo asinaron o 1 de marzo de 1996 un Acordo Marco de Colaboración co obxecto de instrumentar e regular as súas relacións de colaboración e cooperación mutua, mediante a eventual subscripción de convenios específicos en cada caso.

A cláusula segunda do dito convenio establece que o propósito do acordo é o de realizar actividades e proxectos de forma conxunta entre ámbalas dúas institucións. Pola súa parte, a cláusula sexta do dito convenio establece que “cada un dos programas concretos de colaboración entre ámbalas dúas partes requirirá a elaboración dun convenio específico (...)”.

III. O Concello de Vigo na súa aposta e compromiso pola conservación, protección e

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



promoción turística e medio ambiental sostible das Illas Cíes, que se atopan no termo municipal de Vigo, promove e lidera a proposta de candidatura do arquipélago como Xeoparque Mundial UNESCO.

A inscrición deste ben na Lista de Xeoparque Mundial presenta, entre outras moitas, as seguintes vantaxes:

- Confírelle á comunidade local a posibilidade de celebrar o ben como un dos sitios naturais máis importantes do mundo, coa promoción que iso supón para un dos principais símbolos da cidade de Vigo.
- Converte o ben nun emblema para a rede nacional de áreas e sitios protexidos, propiciando un maior e mellor recoñecemento e unha mellor protección do patrimonio natural.
- Estimula a cooperación de todas as administracións en favor da protección do ben.
- Ofrece a posibilidade de mobilizar fondos e apoio para a conservación e preservación do ben, especialmente, do Fondo Patrimonio Mundial.
- Permite difundir técnicas e prácticas de protección, conservación e xestión do ben.

O 22 de setembro do 2023 o Concello de Vigo aprobou en Xunta de Goberno Local unha Folla de Ruta para a realización de proxectos e actividades necesarias para a consolidación da candidatura “ Illas Cíes Xeoparque Mundial da UNESCO” co obxectivo de afianzar a súa candidatura e integrarse na Rede Mundial de Xeoparques. En data 29/09/23 mediante Resolución da Concelleira de Área de Política Social, Turismo e Xuventude resolve a constitución do comité de expertos xeocientífico e socioeconómico, así como do comité técnico que reúne a investigadores de diferentes áreas de coñecemento co fin de implementar unha estratexia baseada no patrimonio xeolóxico, a educación, a investigación e divulgación co fin de promover un desenvolvemento económico do municipio.

As actuacións que se realizarán están definidas baixo os seguintes eixos vertebradores:

1. **Coordinación e colaboración entre o organismo promotor e a comunidade científica, os axentes sociais e representantes políticos** do ámbitos local, rexional e internacional que reforcen as alianzas e xunten esforzos para a



consolidación da candidatura. A cooperación e o establecemento de alianzas entre todos os grupos de interese é esencial para levar a cabo estratexias e iniciativas de forma conxunta que permitan o desenvolvemento sostible do territorio.

2. **Investigación científico-técnica** sólida do Xeoparque Illas Cíes que apoiará a candidatura ao proporcionar evidencia do valor xeolóxico, natural e cultural que se atopa no territorio demostrando que o arquipélago cumpre cos criterios establecidos pola UNESCO para o seu recoñecemento. Realizaranse estudos onde se avaliará o patrimonio das Illas Cíes mediante a identificación do seu patrimonio, a súa vulnerabilidade ou a afectación do cambio climático e os riscos naturais cara a estes recursos, ademais de proporcionar información coa que se establecerán accións de protección, xestión e conservación do territorio. Tamén se identificarán rutas de sendeirismo xeoambiental, actividades de interpretación ambiental e oportunidades do xeoturismo. Ademais, as investigacións realizadas serán a base das accións de educación e divulgación do patrimonio do xeoparque, co que se desenvolverán programas educativos, materiais didácticos, actividades de sensibilización, entre outros.
3. **Promoción da educación e sensibilización** do público en xeral. Para iso desenvolveranse actividades, programas e recursos educativos nos que se divulgará o patrimonio xeolóxico, natural e cultural do Xeoparque, ademais de programas de difusión e comunicación para chegar a unha audiencia máis ampla. Realizaranse talleres, charlas, conferencias, seminarios e eventos educativos que aborden o patrimonio do arquipélago, sensibilizando ao público para garantir a súa conservación e preservación. Tamén se realizarán visitas guiadas e recorridos interpretativos ofrecendo unha maneira máis dinámica e interactiva de coñecer o territorio e os seus valores. Elaborarase material educativo que proporcionará información sobre o patrimonio, a importancia da conservación e prácticas sostibles. Realizaranse programas educativos en escolas e universidades onde se incluírán visitas de campo, proxectos de investigación e outras actividades prácticas. Lanzaranse campañas de sensibilización a través dos medios de comunicación e redes sociais para fomentar prácticas responsables e inculcar a importancia da conservación e uso adecuado dos recursos entre a poboación e os visitantes do parque. Tamén se involucrará á comunidade local en actividades de voluntariado e educación ambiental.
4. **Desenvolvemento dunha economía** sostible a través da diversificación de actividades económicas como o xeoturismo que xeran valor engadido. Ademais, estableceranse asociacións formais con partes interesadas locais que axudarán a identificar oportunidades de desenvolvemento de novos produtos e servizos turísticos, o que contribuirá á economía local.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



IV. É importante contar ao longo do proceso de candidatura co asesoramento e colaboración da comunidade científica, de modo que se poida garantir a achega dos coñecementos e competencias que abarquen os diversos valores do ben.

V. O presente convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo enmárcase na necesidade de traballar conxuntamente no desenvolvemento das accións incluídas na segunda liña de traballo antes exposta, de reforzo científico-técnico do expediente de candidatura.

VI. Dada a dimensión internacional do proxecto de candidatura, ambas institucións expresan o seu compromiso de establecer unha colaboración nos campos científico e técnico a prol da dita candidatura, de interese común, porque entenden que esta colaboración mellorará a eficiencia da xestión pública, facilita a utilización conxunta de medios e servizos e contribúe á realización deste proxecto de utilidade pública e transcendencia internacional.

VII. Ambas institucións consideran que a candidatura ten un interese público e social, tanto por ser liderado polo Concello de Vigo, onde se atopan as illas, como polo enfoque dado ao proxecto, que conxuga o obxectivo de promoción e conservación do ben co desenvolvemento turístico e medioambiental sostible.

VIII. O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo consideran que o proceso terá numerosos efectos positivos para o ben en concreto e para a cidade de Vigo e a súa contorna, sumando valor engadido á toda a Eurorrexión. Un recoñecemento internacional de enorme prestixio e transcendencia, que contribuirá á posta en valor e á promoción das Illas Cíes, dende o punto de vista ambiental.

IX. As partes asinantes declaran:

A. Que nin o Concello de Vigo, nin a Universidade de Vigo teñen vocación de mercado coa realización deste Convenio.

B. Que a través deste Convenio as entidades partícipes desenrolarán unha cooperación que garante que os servizos públicos que a cada unha lle compete préstanse de modo

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



que ambas logran os obxectivos que teñen en común: o Concello de Vigo, a competencia para a conservación, protección e promoción turística, medio ambiental sostible das Illas Cíes e a xestión de actividades culturais e de ocupación do tempo libre e o turismo; a Universidade de Vigo, as competencias para a xeración, desenvolvemento, difusión, transferencia e intercambio do coñecemento e a aplicabilidade da investigación en todos os campos científicos.

Desta forma, ambas entidades teñen responsabilidades relacionadas co obxecto deste Convenio e ambas contribúen ao seu funcionamento cooperativo.

C. A cooperación realizada mediante este Convenio guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público; non existindo interese privado ou comercial e sí a consecución dun interese xeral.

X. Toda vez que o artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que o convenio é o instrumento con efectos xurídicos que asinan as administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para a consecución dun fin común, propónse a sinatura do presente convenio ao fin de regular os termos da colaboración antedita con arranxo aos seguintes,

PACTOS

PRIMEIRO.- NORMATIVA APLICABLE E OBXECTO

O presente convenio é de natureza administrativa, resultándolle de aplicación o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a realización dos proxectos e actividades necesarias para a consolidación da candidatura “Illas Cíes Xeoparque Mundial da UNESCO”

SEGUNDO.- OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Os obxectivos deste convenio están centrados en fortalecer a valorización e a xestión

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



sostible do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes e o municipio de Vigo a través da investigación e o desenvolvemento de estratexias de conservación e promoción que contribúan ao coñecemento, á protección e ao aproveitamento responsable dos recursos xeolóxicos locais.

O desenvolvemento deste traballo contribuirá ao recoñecemento e valoración do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes, así como ao impulso de iniciativas de conservación, turismo sostible e desenvolvemento rexional

TERCEIRO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento do proxecto cunha achega de 50.000,00 € (cincuenta mil euros), sendo quen ten a competencia última para promocionar e conservar as Illas Cíes e favorecer o desenvolvemento turístico e medioambiental sostible destas a través da candidatura candidatura “Illas Cíes Xeoparque Mundial da UNESCO” para conseguir súa integración na Rede Mundial de Xeoparques.

O importe comprometido por parte do Concello de Vigo realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.2279908 “Convenio UVigo Candidatura a Geoparque” do Concello de Vigo.

CUARTO. COMPROMISOS DAS PARTES.

Baixo o amparo deste acordo de Colaboración, a continuación detállanse as responsabilidades, funcións e principais actuacións, ás que se compromete cada unha das dúas entidades que conforman este acordo.

A) Compromisos da Universidade de Vigo

Como institución pública científico-técnica reforza o proceso da candidatura fomentando a cooperación entre ambas entidades para a consecución do desenvolvemento sostible do territorio. Este compromiso materializouse a través da creación e coordinación de dous comités esenciais: o Comité Xeocientífico e o Comité Socioeconómico. A cooperación entre a universidade e outras entidades oríentase cara ao obxectivo común de promover un desenvolvemento territorial sostible. A estrutura e operación dos comités Xeocientífico e Socioeconómico, reflicten un enfoque colaborativo e estratéxico entre Universidades, Centros de Investigación e o Concello de Vigo.

- Comité Xeocientífico

Baixo a coordinación de Irene Alejo e Gonzalo Méndez, do departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio da Universidade de Vigo, este comité foi deseñado para impulsar o coñecemento xeolóxico e a investigación das Illas Cíes. A elección dos membros deste comité por Alejo e Méndez, e a súa posterior aprobación polo Concello de

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Vigo, aseguran que a equipa estea composta por persoas cunha alta cualificación e compromiso coa investigación e promoción do patrimonio xeolóxico.

A súa principal tarefa é avaliar e validar a información recollida sobre as Illas Cíes, complementar o coñecemento existente con novos datos e campañas de campo, e aportar información necesaria e coordinar o informe técnico que respalde a candidatura. Ademais, identificarán nichos de coñecemento para propor novas liñas de investigación, asegurando así que a candidatura non só estea fundamentada no coñecemento actual senón que tamén impulse a xeración de novo coñecemento.

- Comité Socioeconómico

Coordinado por Sebastián Villasante, un investigador recoñecido da Universidade de Santiago. Este comité enfócase en aspectos como a planificación estratéxica do turismo, a valorización dos servizos ecosistémicos e a economía dos recursos naturais. A proposta de membros por parte de Villasante, seguida da súa aprobación polo Concello de Vigo, reflicte unha intención de reunir a expertos cunha visión ampla e multidisciplinar que poden contribuír significativamente á análise e desenvolvemento socioeconómico sostible do territorio.

A tarefa principal deste comité é ofrecer unha visión estratéxica sobre como potenciar o turismo e outros servizos ecosistémicos de maneira que beneficien tanto á economía local como á mantenza dos recursos naturais e a biodiversidade do territorio.

O Concello de Vigo exerce a presidencia dos Comités Xeocientífico e Socioeconómico (aprobados mediante Resolución da Concelleira de Área de Política Social Turismo e Xuventude en data 29/09/23), para unificar esforzos e aproveitar a experiencia multidisciplinar en apoio á candidatura. Por este motivo os comités asumen as seguintes funcións, enmarcadas dentro da folla de ruta da candidatura para o proxecto das Illas Cíes como Xeoparque Mundial da UNESCO aprobada en Xunta de Goberno Local en data 22 de setembro do 2023.

Para lograr este obxectivo, definíronse 3 eixos vertebrados que orientan as actividades planificadas: a investigación, para a catalogación e documentación do patrimonio xeolóxico, a educación enfocada na elaboración e difusión de materiais didácticos accesibles para estudantes e por último a promoción, que busca dar a coñecer e por en valor os recursos xeolóxicos, naturais e culturais do territorio ao público en xeral. O detalle das actuacións priorizadas para convenio detállanse a continuación. As actuacións sucesivas serán revisadas en Comisión de Seguimento.

ACTIVIDADES 2025

As actividades enmarcase dentro da folla de ruta da candidatura para o proxecto das Illas



Cíes como Xeoparque Mundial da UNESCO aprobada en Xunta de Goberno Local en data 22.09.23.

Para lograr este obxectivo, definíronse 3 eixos vertebrados que orientan as actividades planificadas: a **investigación**, para a catalogación, estudo e documentación do patrimonio xeolóxico, a **educación** enfocada na elaboración e difusión de materiais didácticos accesibles para estudantes e por último a **promoción**, que busca dar a coñecer e por en valor os recursos xeolóxicos, naturais e culturais do territorio ao público en xeral. A continuación detállanse as actividades planificadas para esta anualidade en función de estes tres eixos.

❖ Eixo 1: Investigación

Este eixo céntrase na identificación, documentación estudo e valorización do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes e a zona de Vigo.

1.4 Estudo comparativo do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes e a súa singularidade en relación con outros xeoparques

- o **Obxectivo:** Argumentar con base científica a singularidade e complementariedade do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes/Vigo en relación con outros xeoparques nacionais e internacionais. O estudo permitirá identificar os atributos comúns e distintivos do territorio, demostrando o seu valor singular dentro da rede de xeoparques.
- o **Descrición:** Como parte dos estudos requiridos para a candidatura a Xeoparque Mundial UNESCO segundo o establecido nas Directrices, realizarase unha análise comparativa do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes/Vigo con outros xeoparques tanto rexionais, nacionais e internacionais. Para iso identificaranse territorios con características similares e analizaranse os trazos xeolóxicos comúns e distintivos. O estudos basearase nunha revisión bibliográfica, traballo de campo aplicando a metodoloxía científica. O obxectivo é evidenciar o valor diferencial do territorio, para xustificar a súa relevancia dentro da rede global de xeoparques UNESCO.

1.5 Organización dunha xornada de intercambio con outros xeoparques



- o **Obxectivo:** Facilitar a creación de redes e a colaboración con outros xeoparques mediante unha xornada de intercambio de experiencias. O evento permitirá compartir leccións aprendidas, destacar os elementos diferenciadores das Illas Cíes e buscar sinerxías para futuras iniciativas. Contarase coa participación de expertos nacionais e internacionais en xestión e valorización do patrimonio xeolóxico.
- o **Descrición:** Como parte das accións para fortalecer a candidatura, organizarase unha xornada de intercambio con representantes de xeoparques recoñecidos en España e a nivel internacional. O obxectivo é fomentar o diálogo, compartir boas prácticas e explorar posibles colaboracións. Invitarase a expertos en xestión de xeoparques, así como a unha figura destacada no ámbito da valorización socioeconómico do patrimonio xeolóxico.

1.6 Fomento da investigación académica nas Illas Cíes coa realización de TFG e TFM

- o **Obxectivo:** Fomentar a investigación académica sobre o patrimonio xeolóxico, natural e cultural das Illas Cíes mediante unha promoción de traballos de Fin de Grao (TFG) e traballos de Fin de Máster (TFM) que inclúan estudos de campo na zona.
- o **Descrición:** Establecemento de mecanismos de apoio e coordinación a realización de TFGs e TFMs relacionados coa xeodiversidade, a biodiversidade, os perigos naturais, cambio climático e a valorización socioeconómica do territorio. Proporcionaranse orientacións e asesoramento científico aos estudantes. Asimesmo, promoverase a recollida de datos de campo nas Illas Cíes, ademais de facilitar acceso a infraestruturas de investigación e recursos bibliográficos especializados para garantir a calidade e rigor dos estudos presentados.

❖ Eixo 2: Educación



Este eixo enfócase en transformar o coñecemento científico xerado polo comité de candidatura das Illas Cíes en recursos educativos dinámicos e accesibles para estudantes e xestores turísticos.

4.1. Curso de formación para guías do aspirante Xeoparque

- o **Obxectivo:** Capacitación a guías turísticos para ofrecer rutas interpretativas baseadas no patrimonio xeolóxico, natural e cultural das Illas Cíes.
- o **Descrición:** En colaboración co Parque Nacional das Illas Atlánticas, organizarase un curso de formación especializados para guías turísticos que operan dentro do parque nacional. Este programa inclúe formación teórica e práctica sobre a xeoloxía das Illas Cíes para mellorar a interpretación do territorio.

4.2. Lanzamento do programa educativo “Planeta Cíes Xeoparque”

- o **Obxectivo:** Implicar aos centros educativos na divulgación do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes mediante a creación de proxectos escolares relacionados coa temática do Xeoparque.
- o **Descrición:** Deseñarase un programa educativo dirixido aos centros de secundaria do Concello de Vigo, que incluírá a entrega de material didáctico e a organización dunha exposición itinerante en cada centro participante durante unha semana. A mostra incluírá paneis informativos e recursos pedagóxicos específicos para o alumnado de secundaria. Ademais, impartirase charlas divulgativas sobre a importancia xeolóxica, ambiental e cultural das Illas Cíes. O programa incentivará a participación activa do alumnado a través dun concurso entre os centros inscritos, fomentando a creatividade e a investigación. Tamén está prevista a impresión de 1500 unidades didácticas para repartir entre os centros inscritos que facilitarán o traballo entre docentes e alumnado.

4.3. Organización de actividades de promoción do xeoparque nos



campamentos urbanos

- o **Obxectivo:** Integración da temática do xeoparque nas actividades dos campamentos urbanos xa existentes organizados polo Concello de Vigo, no que se promova a educación ambiental e xeolóxica entre o público xeneral.
- o **Descrición:** En colaboración cos campamentos urbano organizados polo Concello de Vigo, incorporaranse actividades específicas relacionadas coa xeodiversidade e biodiversidade das Illas Cíes. Estas accións incluírán obradoiros, xogos, visitas guiadas e dinámicas en equipo, co obxectivo de fomentar o coñecemento sobre o patrimonio xeolóxico do territorio de forma lúdica e accesible. Asimesmo facilitaranse recursos educativos adaptados (material didáctico) para que os participantes adquiran unha comprensión máis profunda do valor do xeoparque.

❖ Eixo 3: Promoción

O obxectivo deste eixo é a difusión do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes e o fortalecemento da candidatura a través de actividades de comunicación e divulgación.

3.1. Creación e dinamización das RRSS da candidatura

- o **Obxectivo:** Difundir e visibilizar a candidatura das Illas Cíes a Xeoparque Mundial UNESCO a través das redes sociais, fomentando a participación cidadá, a divulgación científica e a posta en valor do patrimonio xeolóxico e ambiental do territorio. Creando unha comunidade activa que siga o proceso da candidatura.
- o **Descrición:** Creación e xestión de perfís oficiais da candidatura en redes sociais (Facebook, Instagram, LinkedIn, Youtube) para compartir contidos divulgativos, actividades do proxecto e avances da candidatura. Durante o primeiro ano, levarase unha estratexia de comunicación baseada en publicacións periódicas con información sobre os valores xeolóxicos, ambientais e culturais do territorio, incluíndo entrevistas con expertos, retransmisión de eventos e difusión das iniciativas educativas e científicas.



3.2. Creación novos produtos turísticos e rutas xeolóxicas

- o **Obxectivo:** Promover un modelo de turismo sustentable que potencia a divulgación e coñecemento do patrimonio xeolóxico das Illas Cíes. Desenvolveranse experiencias turísticas que combinen interpretación xeolóxica, conservación ambiental e valorización do territorio en colaboración con axentes locais.
- o **Descrición:** Deseño de novas rutas interpretativas que resalten a xeodiversidade e biodiversidade das Illas Cíes, incorporando mapas e folletos de sendeirismo educativos que inclúan os puntos de interese xeolóxico e natural. Asimemo, desenvolveranse paquetes xeoturísticos en colaboración con empresas de hostalaría, navieiras e outros operados locais, combinando visitas guiadas con experiencias gastronómicas e culturais vinculadas ao territorio. O lanzamento destes produtos turísticos incluírá unha estratexia de promoción para atraer visitantes interesado no turismo científico e natureza, fortalecendo a identidade do arquipélago como xeodistino de referencia.

3.3. Creación figuras representativas do Xeoparque

- o **Obxectivo:** Creación figuras representantivas do Xeoparque que sievan como embaixadores do proxecto, facilitando a divulgación e interacción co público nos diferentes eventos e actividades realizadas.
- o **Descrición:** Elaboración dun discurso asociado a cada figura xeolóxica que simbolizará os diferentes elementos xeolóxicos das Illas Cíes. Estas figuras participarán en actividades de promoción, eventos divulgativos, etc. Asimesmo, estableceranse estratexias para incorporar estas figuras aos medios dixitais e redes sociais, para reforzar a identidade do Xeoparque.

A continuación, preséntase o orzamento correspondente a cada un dos tres eixos de traballo en función das actividades planificadas para a anualidade 2025:

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Personal Propio de Uvigo (aportación Uvigo)	Irene Alejo (dedicación 10%, 12 meses)	Cofinanciación Uvigo
	Gonzalo Méndez (dedicación 10%, 12 meses)	Cofinanciación Uvigo
Contratos de servicio y/o de personal temporal para actuaciones del convenio	Investigador/a estudio comparativo	6.500,00 €
	Técnico/a de comunicación	5.000,00 €
	Divulgación en Charlas (Guías + Geoplaneta Cíes + Campamentos)	6.500,00 €
	Investigador Turismo y Economía: Diseño de productos GeoTurísticos	10.000,00 €
	Retribución TFG (pago de viajes de campo, análisis etc)	3.000,00 €
Gastos de Viajes	Viajes de miembros del comité para reuniones Vigo	3.000,00 €
	Viajes de ponentes para encuentro de Geoparque	2.500,00 €
Servicios Empresas Externas	Contrato empresa diseño figuras promocionales	4.000,00 €
	Impresión Unidades	2.000,00 €
COSTES INDIRECTOS UVIGO 15%		7.500,00 €

B) Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo asume a responsabilidade de realizar as accións pertinentes neste proceso de Candidatura.

- Coordinar a equipa de traballo da candidatura.
- Apoiar na dinamización ás mesas de traballo específicas e recompilación e elaboración do traballo resultante para a súa validación científica por parte da Universidade de Vigo.
- Aprobar e validar as accións que sexan deseñadas no ámbito do reforzo científico-técnico da candidatura.
- Levar a cabo campañas de sensibilización, dirixidas tanto á comunidade local como a visitantes potenciais, sobre o valor do Xeoparque e a importancia da súa conservación.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Difundir as accións, tanto a nivel interno como externo, fomentando a creación de masa crítica e un alto índice de participación.
- Facilitará información sobre recursos, medios e programas específicos que poidan ser de interese para o desenvolvemento das diferentes actividades.
- Difundir a súa participación e colaboración en todas as actividades que se realicen no marco do Convenio, nos soportes habituais que utilicen para as súas actividades.
- Aportará no marco do Convenio, unha achega económica de 50.000,00 €.

QUINTA.- PAGAMENTO DA APORTACIÓN DO CONCELLO

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria ES26 [2080 5000 61 3110263753](#) de ABANCA Corporación bancaria, a nome da Universidade de Vigo, en dous pagos:

-O primeiro pago realizarase polo importe de 25.000,00 € á sinatura do convenio.

-O segundo pago realizarase polo importe de 25.000,00 € á entrega da acta do comité de seguimento prevista na cláusula sétima e da entrega dos traballos comprendidos no presente convenio.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.-A Universidade de Vigo deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu. A tal efecto deberá presentar:

a) *Memoria de actuación*, que conterá a acta do comité de seguimento prevista na cláusula sétima, acreditativa do cumprimento dos traballos establecidos no presente convenio, así como a entrega dos traballos realizados, que deberá presentarse con anterioridade ao 20 de decembro de 2025.

b) *Memoria económica*, xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2025 deberá presentarse con anterioridade ao 20 de decembro de 2025.

A memoria económica deberá conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias das facturas.

2.- A Universidade de Vigo deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



identificación admitidos na sede electrónica.

SÉTIMA.- SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL DE EXECUCIÓN DO CONVENIO

A partir da sinatura do convenio crearase unha Comisión de Seguimento de carácter paritario, presidida pola Concelleira da área de Política Social, Turismo e Xuventude e a Concelleira delegada de Turismo e Xuventude composta polos presidentes dos Comités e pola xefa do Servizo de Turismo, que periodicamente avaliarán o desenvolvemento do convenio, interpretando e resolvendo as dúbidas que se desprendan do mesmo e que aprobarán, no seu caso, as modificacións na realización do traballo que por causas non previstas fora necesario introducir, que non afecten a partes esenciais. A dita comisión poderá invitar ás reunións a aquelas persoas que se estime pertinentes, con voz pero sen voto, ós efectos de asesoramento específico sobre calquera materia obxecto do presente convenio.

A Comisión de Seguimento reunirase, cando menos, unha vez cada dous meses, durante a vixencia do convenio. A dita Comisión poderá actuar ben mediante reunións presenciais, elevándose as correspondentes actas, ou polos medios telemáticos e/ou electrónicos oportunos.

A Comisión de Seguimento será a encargada de determinar e impulsar as accións específicas que permitan a máxima colaboración entre ambas institucións, cos obxectivos xa indicados.

A Comisión de Seguimento elaborará un acta de conformidade na que se acredite a correcta execución dos traballos previstos no presente convenio.

OITAVA.- PUBLICIDADE

A Universidade de Vigo debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o material e soportes publicitarios que edite.

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da Universidade de Vigo. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA do Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude.

O presente Convenio será obxecto de publicidade no Portal de Transparencia das entidades asinantes, en aplicación do disposto no artigo 8. 1 b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

NOVENA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



O cumprimento da finalidade que determinou o presente convenio deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola Concellería de Turismo.

O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das entidades asinantes do presente convenio, determinará a resolución do mesmo e a entidade que non cumpre asumirá os danos acreditados que se deriven daquel. De non alcanzarse acordo expreso entre as partes, para o seu cálculo e abono estarase aos criterios establecidos polo artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2025 e non será prorrogábel.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN

O presente convenio poderá ser modificado mediante acordo expreso das entidades asinantes.

DÉCIMO SEGUNDA.- CONTROVERSIAS

A Concelleira da Área Política Social, Turismo e Xuventude queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións de actividades dos Eixos, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

En caso de controversias, as entidades asinantes se comprometen a colaborar en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do previsto neste convenio; conforme a elo, faranse os máximos esforzos para resolver de forma amistosa calquera controversia que puidese xurdir na interpretación e cumprimento deste.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

O acordo de resolución establecerá o modo de finalizar e liquidar as actuacións pendentes de execución no momento de extinción do convenio.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

DÉCIMO QUINTA.- CONFIDENCIALIDADE

Ambas as partes comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de segredo profesional e de confidencialidade, que abranguerá calquera información ou dato que se puidese coñecer con ocasión desta colaboración.

Os datos dos informes ou documentos, así como os resultados finais das mesas de traballo da candidatura ou calquera información derivada do proxecto terán carácter confidencial.

Cada unha das partes que pretenda utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, congreso, etc., deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito. Calquera que sexa o modo de difusión, respectarase sempre a mención dos autores ou autoras do traballo en cuestión e farase expresa mención ao presente convenio, figurando as dúas institucións asinantes do presente convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

DÉCIMO SEXTA. - XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



novembro, de Contratos do Sector Público, rexerese polas súas propias cláusulas, aínda que resultará de aplicación supletoria a fin de cubrir as lagoas de interpretación que puidesen xurdir, conxuntamente coas normas xerais do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente convenio específico de colaboración que non foran resoltas pola comisión de seguimento prevista no pacto quinto do convenio, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición.

14(534).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBGRUPO C2, DA OFERTA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL. EXPTE. 46628/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2025, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso, foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban 10 prazas de persoal auxiliar administrativo, réxime funcionario, do subgrupo C2.

II-O Órgano de selección -Tribunal 3 encargado de xulgar as probas selectivas do proceso da OEP de estabilización de emprego público, subgrupo C2, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como persoal funcionario dos seguintes aspirantes no proceso nº34- Auxiliar administrativo:

COLLAZO SAAVEDRA, M. C. ***6396**
PEREIRAS BERMEJO V. ***3746**
LORENZO NÚÑEZ, M.J *** 5438**

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



GONZÁLEZ ARIAS, O *** 6293**
CAMPOS RIVAS, L. ***9657**
NÚÑEZ VÁZQUEZ M.T. ***0106**
SONEIRA VILLARINO X. ***6367**
MOURIÑO BARROS M.D.C. ***3476**
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M. *** 6850**
NÚÑEZ ABOY N.M. ***8401**

II.- Mediante escrito presentado en data 09/06/2025, a aspirante V. Pereiras Bermejo, con número de persoal: 80769, e ante o trámite de audiencia concedido previamente, comunica á Área de RRHH e Formación que elixe expresamente para ser nomeada na praza de auxiliar administrativo réxime laboral fixo (na que tamén fora proposta polo respectivo órgano de selección, expediente 46629/220), e renuncia a praza de auxiliar administrativo réxime funcionarial.

III.- Conforme ao recollido no apartado 8.4.6 das Bases xerais que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo que se convocan polo sistema de concurso, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 30/12/2022, número 249, fíxose chamamento á seguinte persoa da lista segundo a orde de prelación establecida polo órgano encargado de xulgar o respectivo proceso selectivo, resultando se a aspirante:

-M. Sisto Ramos, con DNI **6801***.

III.- Por outro lado, detectada unha incidencia que podería influír no nomeamento de dúas das aspirantes propostas polo órgano de selección, con DNI ***6396** e *** 5438***, con data 17/06/2025 outorgóuselle un trámite de audiencia ás interesadas.

Como a instrución do procedemento, no referido única e exclusivamente a esas dúas aspirantes, podería demorase pola realización dos diversos trámites e actuacións que resulten procedentes executar, para salvagardar os intereses públicos que debe garantir esta Administración nos termos do artigo 103 da Constitución, así como para non prexudicar dereitos e intereses lexítimos do resto das aspirantes propostas polo órgano de selección, procédese agora a realizar a proposta de oito das persoas aspirantes que cumpren a data de hoxe os requisitos establecidos para ser nomeadas, quedando o nomeamento de dúas vacantes ofertadas para o momento que se resolvan, conforme a normativa de aplicación, as incidencias detectadas con respecto a esas dúas candidatas propostas polo órgano de selección

IV.- Segundo a información achegada no trámite 85 do expediente, sobre a verificación técnica actual sobre os postos asociados ás vacantes ofertadas, consta que:

- Posto 377- auxiliar atención público ventanilla, dotación 21, na Xestión Catastral delegada (503); vinculado á praza auxiliar admon xeral: ocupado interinamente en data de sinatura por O. González Arias, nº persoal 80566 (unha das persoas propostas para nomeamento).

- Posto 377- auxiliar atención público ventanilla, dotacións 4 e 7, na Oficina de Asistencia, Rexistro e Información (OAR- 232); vinculados á praza auxiliar admon xeral:

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



* Dotación 4: ocupada en data de sinatura por M. Costas Sousa, nº persoal 82757 (non figura como unha das persoas propostas para nomeamento).

* Dotación 7: vacante libre en data de sinatura.

- Posto 138 – auxiliar, dotacións 90, 103, 128, 137, 138, 139 no Servizo Benestar Social (301); vinculados á praza auxiliar admon xeral: vacantes libre en data de sinatura.

- Posto 138- auxiliar, dotación 102, na Unidade de apoio Consorcio Casco Vello (17); vinculado á praza auxiliar admon xeral: ocupado interinamente en data de sinatura por A. B. Vieira Parada, nº persoal 82405 (non figura como unha das persoas propostas para nomeamento).

2: Conxuntamente, compróbase:

- Núñez Aboy, N. M., nº persoal 80411: é funcionaria interina, no posto 138- auxiliar na Dirección de Ingresos (500) con cargo a programa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación.- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente"*, establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

As persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionario/a de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como persoal interino das prazas de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, toda vez que ditas prazas que ocupan actualmente foron executadas na respectiva oferta de emprego público de estabilización do Concello de Vigo, e os respectivos nomeamentos como persoal funcionario serán realizados conforme ao apartado SEGUNDO do presente acordo, a

-O. González Arias, nº persoal 80566, do posto 377- auxiliar atención público ventanilla, dotación 21, na Xestión Catastral delegada (503).

- M. Costas Sousa, nº persoal 82757, do posto 377, auxiliar atención público ventanilla, dotación 4, na Oficina de Asistencia, Rexistro e Información (OAR- 232).

- A. B. Vieira Parada, nº persoal 82405, do posto 138- auxiliar, dotación 102, na Unidade de apoio Consorcio Casco Vello (17).

-N. M, Núñez Aboy, nº persoal 80411: cesará como funcionaria interina de programa, no posto 138- auxiliar na Dirección de Ingresos (500) para poder tomar posesión como funcionaria de carreira

SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo a 8 prazas vacantes de persoal auxiliar administrativo de administración xeral, réxime funcionario, subgrupo C2, ofertadas na Oferta de estabilización do Emprego temporal do Concello de Vigo, a:

-GONZÁLEZ ARIAS, O, con DNI *** 6293**

-CAMPOS RIVAS, L, con DNI ***9657**

-NÚÑEZ VÁZQUEZ M.T, con DNI ***0106**

-SONEIRA VILLARINO X, con DNI ***6367**

-MOURIÑO BARROS M.D.C, con DNI ***3476**

-GONZÁLEZ RODRÍGUEZ,M, con DNI *** 6850**

-NÚÑEZ ABOY N.M. con ***8401**

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



-SISTO RAMOS, M, con DNI **6801***

TERCEIRO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarias de carreira nas devanditas prazas no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

Os ceses acordados no apartado primeiro serán efectivos o día inmediatamente anterior á toma de posesión do persoal que vaia a ocupar as vacantes asociadas a ditos postos.

A interesada con nº persoal 80411 cesará como funcionaria interina de programa con carácter previo a tomar posesión como funcionaria de carreira.

CUARTO.- A proposta de nomeamento das dúas vacantes restantes de persoal auxiliar administrativo ofertadas na mesma oferta de estabilización, realizarase no momento que se resolvan, conforme á normativa de aplicación, as incidencias detectadas durante a instrución do procedemento con respecto a dúas das candidatas propostas polo órgano de selección.

QUINTO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, a Tesourería/Nóminas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos oportunos.

SEXTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(535).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DAS PRAZAS DE DE ORDENANZA-PORTEIRO/A, SUBGRUPO E, DA OFERTA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL. EXPTE. 46733/220.

Visto o informe de fiscalización do 04/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/07/2025, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas



contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas de agrupación profesional E (persoal funcionario):

- Ordenanza Porteiro

II.- En sesión de data 30/12/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo acordou:

- *Declarar, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6ª e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 7 prazas convocada PROCESO Nº 42-ORDENANZA PORTEIRO- Funcionario de Carreira - E (Exp. 43796/220), aos candidatos :*

- VEGA PRIETO, S ***4021**
- CIGES REGUEIRO, M.P ***5408**
- RODRÍGUEZ PRIETO, S ***7120**
- FERNÁNDEZ GIL, A ***5700**
- CRUZ RODRÍGUEZ, M ***9720**
- GONZÁLEZ PEINADO, M.A ***2478**
- PÉREZ BANDE, E ***2116**

-Na mesma proposta inclúese aprobar de conformidade coa base 15ª das Bases Xerais (BOPPO de data 30/12/2022) o listado do persoal que podería ser incluída na formación das bolsas de emprego das distintas prazas que foron executadas no mesmo proceso selectivo, e que serán obxecto de outro procedemento administrativo:

“Os candidatos/as que non obteñan unha das prazas convocadas, formarán parte dunha bolsa de emprego, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, para os efectos de seren nomeados ou contratados/as como persoal funcionario interino ou laboral temporal respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello vixentes e normativa de concordante aplicación. Nestas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente.”

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal en data 02/01/2025

IV.- Consta acordo da XGL de 22/04/2025 de resolución dos recursos de alzada presentados e proposta de nomeamento que en canto á categoría de ordenanza porteiro non modifica a proposta de nomeamento inicial.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



V.- Consta no trámite 25 do expediente, verificación administrativa sobre a documentación presentada polo persoal proposto, conforme ao exixido nas bases do procedemento ou por figurar xa en en poder da administración ao tratarse de persoal de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

VI.-Consta informe técnico segundo o cal constátase a existencia das seguintes vacantes:

“-PROCESO Nº 42- ORDENANZA PORTEIRO/A

- Posto 155- ordenanza porteiro/a, no 201 - Conserxería; vinculado á praza ordenanza, en concreto as seguintes dotacións:

** 5 dotacións asociadas ás prazas de estabilización por acumulación de tarefas: dotación 29, 35, 38, 41 e 44 – constan vacantes en data de sinatura, coa anotación de vinculadas á OEP Estabilización.*

** 2 dúas dotacións asociadas ás prazas de estabilización por ocupación de praza vacante:*

Dotación 36 ocupada en data de sinatura por A. Fernández Gil, con nº de persoal 82743, como funcionario interino. A. Fernández Gil consta no listado de persoal a nomear como funcionario de carreira no expediente 46733-220.

Dotación 42 ocupada en data de sinatura por J. Tato Pérez, con nº de persoal 79563, como funcionaria interina. J. Tato Pérez non figura no listado de persoal a nomear como funcionario de carreira no expediente 46733-220.

Do que se deixa constancia aos efectos do correspondente expediente electrónico.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal funcionario; normativa de aplicación

O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:



“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la*

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.*
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

No presente caso, e vistos os antecedentes se acordarán os seus ceses como funcionarios interinos con carácter previo ao posterior nomeamento como persoal funcionario de carreira.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como funcionarios interinos a:

- A. Fernández Gil, con nº de persoal 82743, como funcionario interino. Dotación 36*
- J. Tato Pérez, con nº de persoal 79563, como funcionaria interina. Dotación 42*

SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo a diversas prazas de ordenanza porteiro – *proceso nº 42 - Funcionario de Carreira – agrupación profesional E (Exp. 43796/220)* que foron convocadas polo sistema de concurso, en execución da Oferta de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, a:

- VEGA PRIETO, S ***4021***
- CIGES REGUEIRO, M.P ***5408***
- RODRÍGUEZ PRIETO, S ***7120***
- FERNÁNDEZ GIL, A ***5700***
- CRUZ RODRÍGUEZ, M ***9720***
- GONZÁLEZ PEINADO, M.A ***2478***
- PÉREZ BANDE, E ***2116***

A toma de posesión do persoal nomeado efectuarase dentro do prazo máximo de un mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Os ceses acordados nos apartados primeiro do presente acordo, xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a toma de posesión das interesadas como funcionarias de carreira.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos procedentes.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(536).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 46508/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/07/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 6 de xuño do 2025, acordou a aprobación das basees reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a de Museos municipais, polo procedemento de concurso específico, e tramitada no presente expediente electrónico nº 46.508-220.

Ditas actuacións enmárcanse na actividade municipal continuada tendente á efectiva execución da Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022; tendo sido publicado dito acordo no BOPPO nº 224, do martes 21 de novembro do 2023.

2.- Consta a realización dun trámite de audiencia, previo á aprobación da convocatoria e bases indicadas, coa finalidade de que a totalidade dos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva puidesen presentar alegacións ao efecto.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Dito trámite, que consta documentado no expediente, outorgaba un prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións (trámite 47 do expediente) ao respecto da proposta da Área de Xestión Patrimonial e Territorial referida.

Emitido informe-proposta ao órgano municipal competente (Xunta de Goberno Local) e fiscalizada a proposta en forma favorable pola Intervención Xeral Municipal (trámite 66 do expediente, sinatura electrónica de 15/05/2025) o expediente se remite novamente á Área de Recursos Humanos e Formación.

Pola instrutora asinante se detecta que durante a permanencia do expediente nº 46.508-220 na Intervención Xeral incorpóranse en data 13/05/2025 dous novos trámites (o 59 e o 60); trámites nos cales constan dous acuses de recibo web de notificacións electrónicas enviadas en data 10/04/2025 (notificación número 53772-2025) ao sindicato nacional (sn) de CCOO, verificándose tales acuses de recibo ao recibir o expediente fiscalizado.

Amáis delo, consta a comunicación, en data 10/04/2025, ao sn de CCOO da posta a disposición documentación relativa ao trámite de audiencia por vía SMS, correo electrónico aos enderezos (en número de 3 direccións) e número de teléfono proporcionados conforme ao establecido na vixente Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo; constando ditas comunicacións efectuadas por persoal administrativo da Área de RRHH e Formación na sinalada data 10/04/2025 (trámites 34, 35, 36 e 37) segundo a información obrante na aplicación xestora de expedientes para o expediente nº 46.508-220.

Sen prexuízo do antedito, e en garantía da debida audiencia sindical, estimouse necesario solicitar informe á xefatura do Servizo de Administración Electrónica respecto da posta a disposición e accesos ás notificacións enviadas co número 53772-2025, observando o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais. Informe que se emite en data 22/05/2025 (trámite 74 do expediente) e no cal se sinala, entre outras cuestións, que "consta efectivo envío dos avisos de notificación electrónica nos trámites 34 a 37 (CRO-SMS) sen que poidamos constatar a recepción dos mesmos".

En garantía da debida audiencia no presente procedemento, foi considerado que o sn de CCOO dispuña do prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao do acuse de recibo da notificación (recibida o 13/05/2025) documentándose na dilixencia de constancia nº 3 (trámite 75 do expediente) que, transcorrido dito prazo, non consta a presentación de alegacións no período comprendido entre o 14/05/2025 e o 27/05/2025 (ambos inclusive).

3.- Contra o acordo de aprobación das bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local en data 6 de xuño do 2025, publicado no BOPPO núm. 111, do xoves 12 de xuño do 2025, consta presentado o seguinte recurso de reposición:

Recorrente	Data	Nº de documento
E. Alonso Rodriguez (sn de CCOO)	16/06/2025	250138107

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



4.- Sendo a obriga das Administracións Públicas a de provisión definitiva dos seus postos detraballo con estricte suxeición á normativa vixente, cómpre analizar o recurso presentado, determinando as actuacións procedentes e elevando as correspondentes propostas aos órganos municipais competentes.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

CUESTIÓN PREVIA.- Con carácter previo á abordaxe da análise xurídica do presente expediente, déixase constancia expresa do feito de que xa en informes de datas 21/03/2011 (emitido por quen suscribe ao expediente administrativo nº 21.900/220, e cuxo contido foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25/03/2011) e 05/05/2017 (emitido tamén por quen suscribe ao expediente electrónico nº 27.913/220) foi posta de manifesto, por primeira vez e que se teña constancia, a necesidade de efectuar a provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, e singularmente daqueles encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación.

Sen que se teñan localizado nos arquivos da área antecedentes documentais datados con anterioridade ao ano 2006, nos cales se sinalase a necesidade de cumprimento de ditas obrigas normativas.

Exposta dita cuestión previa, procédese á emisión de informe sobre os recursos presentados.

I.- SOBRE OS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN: LEXITIMACIÓN PARA A INTERPOSICIÓN E ADMISIBILIDADE.

O recurso potestativo de reposición régúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que *“los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto”*; e contemplando o segundo precepto invocado que *“el plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión. Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso”*.

Respecto da lexitimación para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse ao sindicato recorrente a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, en representación dos intereses das persoas empregadas públicas, no caso dos sindicatos.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 LPACAP xa citado) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, constando presentado en tempo e forma o recurso relacionado nos antecedentes.

II.- SOBRE O RECURSO PRESENTADO. ANÁLISE DE VIABILIDADE DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DO ACTO OBXECTO DE IMPUGNACIÓN SOLICITADA.

Relacionado no antecedente 3, o recurso presentado abunda na lexitimación e admisibilidade do recurso, que conforman cuestións xa analizadas no punto I anterior, e que son indiscutidas sen extensas argumentacións, ao ter sido presentado en prazo e por sindicato lexitimado para a negociación colectiva no Concello de Vigo.

Consta en formato "otrosí digo" a solicitude de suspensión do acto obxecto de impugnación, alegando a recorrente *"Que, por los perjuicios que se pueden derivar tanto para el interés público como para terceros ante una eventual estimación de nuestras pretensiones, solicitamos la suspensión cautelar del acuerdo recurrido ex artículo 117.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas"*.

O propio precepto invocado establece nos seus apartados 2 e 3 o seguinte: "2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien competa resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurran alguna de las siguientes circunstancias: a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación; b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley. 3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien competa resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. En estos casos, no será de aplicación lo establecido en el artículo 21.4 segundo párrafo, de esta Ley."

O acto obxecto de impugnación permite a pública concorrência ao procedemento de provisión definitiva en curso do persoal funcionario de carreira que teña interese real e efectivo en asumir e desempeñar a xefatura convocada (Museos municipais) establecendo a correspondente concorrência, consonte se establece nas bases e no propio acordo impugnado; non alcanzándose a visualizar os concretos *"perjuicios que se pueden derivar tanto para el interés público como para terceros"* alegados xenéricamente pola parte recorrente na execución dunha convocatoria pública de provisión definitiva como é aprobada, dado que a publicidade e concorrência son unha



realidade, e considerando a obriga do Concello de Vigo de executar debidamente a Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022 -instada pola mesma parte recorrente que agora impugna a execución, en vía administrativa, do mandato xudicial de provisión definitiva-.

No eventual caso de impugnación xurisdiccional do procedemento de provisión recorrido, debe considerarse que o persoal aspirante que poda concorrer a él deberá acreditar a condición de persoal funcionario de carreira, polo cal non se identifica o concreto prexuízo, dado que ninguén perderá a condición de persoal funcionario de carreira, nin o seu traballo (entendido formalmente como vínculo ou relación de servizo) nas Administracións Públicas correspondentes.

En atención a tales motivos, a solicitude de suspensión debe ser desestimada.

En canto ao fondo do asunto, cómpre indicar, primeiramente, a ausencia de presentación de alegacións nos dous trámites de audiencia realizados, en contraste co recurso presentado, debendo salientar que, de tratarse de tan palmarias e graves as presuntas vulneracións de dereitos que se alegan, correspondería ter sido postas de manifesto dende o inicio, e obviamente no dobre trámite de audiencia do cal dispuxo o sn de CCOO exposto no antecedente 2.

De calquera xeito, e dado que a ausencia de comparecencia no dobre trámite de audiencia non obsta á interposición dos recursos administrativos normativamente contemplados, no lexítimo exercicio de dereitos, cómpre analizar as razóns alegadas.

E así, o alegado motivo "*Primero.- Afectación de la convocatoria impugnada a la capacidad negociadora de los sindicatos integrantes de la Mesa de Negociación*" baséase na errónea consideración da obrigada inclusión da praza asociada ao posto de traballo obxecto de convocatoria en provisión definitiva no cálculo da taxa de reposición de efectivos (TRE) para o ano 2025.

Certamente, parece concorrer un erro de Dereito na invocación normativa do art. 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023; erro plasmado na equivocada interpretación do concreto período temporal de imputación no cómputo da praza asociada ao posto de traballo obxecto de convocatoria con cargo á oferta de emprego público 2025; xa que, en calquera caso, o cómputo tería que efectuarse para o cálculo da TRE para o ano 2026.

Unha lectura atenta do propio precepto invocado, no seu apartado Tres (artigo 20, ap. Tres) manifesta o seguinte¹:

"Tres. Reglas para la aplicación de la tasa de reposición de efectivos.

1. Para calcular la tasa de reposición de efectivos el porcentaje de tasa máximo autorizado se aplicará sobre la diferencia entre el número de empleados fijos que, durante el ejercicio presupuestario anterior, dejaron de prestar servicios y el número de empleados fijos que se hubieran incorporado en el referido ejercicio, por cualquier causa salvo los supuestos previstos en el apartado tres.4, o reingresado desde situaciones que no conlleven la reserva de puestos de trabajo.

¹ O subliñado e a negriña é nosa.



A estos efectos se computarán los ceses por jubilación, retiro, fallecimiento, renuncia, declaración en situación de excedencia sin reserva de puesto de trabajo, pérdida de la condición de funcionario de carrera o la extinción del contrato de trabajo, o en cualquier otra situación administrativa que no suponga la reserva de puesto de trabajo o la percepción de retribuciones con cargo a la Administración en la que se cesa.

Igualmente, se tendrán en cuenta las altas y bajas producidas por los concursos de traslados a otras Administraciones Públicas, así como las producidas como consecuencia de lo dispuesto en el apartado seis.3 de este artículo y en el apartado Uno.3 de las disposiciones adicionales vigésima primera, vigésima segunda y vigésima tercera respecto de la movilidad del personal con una relación preexistente, fija e indefinida en el sector de que se trate.

Las plazas de profesor contratado doctor que queden vacantes como consecuencia del acceso a un Cuerpo docente universitario, se podrán incluir en la tasa de reposición del ejercicio siguiente."

O teor literal do precepto establece con claridade a referencia do exercicio orzamentario anterior para o cálculo da TRE, en forma que para o cálculo da TRE correspondente ao ano 2025 tómake como referencia o exercicio orzamentario 2024.

E, conseguintemente, para o cálculo da TRE correspondente ao ano 2026 deberá tomarse como referencia o exercicio orzamentario 2025.

A propia norma invocada provoca o decaimento do motivo de recurso alegado como "*Primero.- Afectación de la convocatoria impugnada a la capacidad negociadora de los sindicatos integrantes de la Mesa de Negociación*", por canto que tal capacidade negociadora respecto das ofertas de emprego público materialízase normalmente con motivo da elaboración das ofertas de emprego público; e, polo que respecta á praza asociada ao posto de traballo obxecto de convocatoria impugnada -data da resolución de incoación do expediente 12/05/2025- tal negociación poderá realizarse no momento no cal se negocie a oferta de emprego público correspondente ao ano 2026.

Entende a informante a improcedente aplicación do ap. 2 do art. 20, ap. Tres citado, toda vez que se establece, como requisito para a operatividade do suposto nel recollido, a aprobación no primeiro semestre da oferta de emprego público².

En segundo lugar, e respecto dos motivos segundo ("*Segunda.- Vulneración de la normativa vigente en relación al régimen de movilidad administrativa*") e terceiro ("*Tercera.- La propuesta remitida contraviene los criterios generales rectores para la provisión, mediante concurso específico, de los puestos de trabajo correspondientes a los subgrupos A1 y A2 de titulación del Concello de Vigo, oportunamente aprobados tras la negociación colectiva efectuada en la Mesa General de Negociación celebrada en fechas 10/03/2023 y 08/05/2023, y publicados en el BOP de Pontevedra de 22 de marzo de 2024*") alegados, cómpre invocar o informe de data 09/03/2022

² Indicándose que o expediente nº 46.881-220, tendente á aprobación da OEP 2025, atópase en fase de instrución técnica segundo resolución administrativa de incoación de expediente e designación de funcionario/a público/a instrutor.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



(expediente nº 1690-110) no cal, respecto da convocatoria aberta a persoal procedente doutras Administracións Públicas para a provisión definitiva de postos de traballo do Concello de Vigo polo sistema de concurso específico, se sinala o seguinte:

"En primeiro lugar cómpre manifestar que a relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión de data 20.09.2010 e instrucións sobre plantilla máis anexos que foron rectificadas por sesión do mesmo órgano 11 de outubro e 2 de novembro de 2010 determina no apartado 9 << As convocatorias de concurso ou de libre designación, efectuaranse con carácter interno, agás que en cada unha delas a Corporación acorde abrilas a outro colectivo de funcionarios.>>

O artigo 101 da LRBRL, de carácter básico, determina" los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.

En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo.

E o artigo 38.5 do TREPG determina "As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade". O artigo 208.1 da LEPG refírese a administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no está referido a apertura de postos da administración local a outros funcionarios.

Dentro deste marco normativo a proposta de xeito motivado recolle a posibilidade, non a obrigatoriedade, de que os postos de traballos a proveer por libre designación ou concurso específico (porcentaxe inferior ao 7% dos postos do Concello) se abran a persoal doutras administracións. Serán as bases da convocatoria de provisión de cada posto as que en atención as circunstancias concorrentes en cada momento materialicen ou non esa posibilidade de xeito que para que persoal funcionario doutras administracións poida ocupar postos do Concello de Vigo requírese que, ademáis de que esos postos figuren nas relacións de postos de traballo como postos que se poidan ofrecer a aqueles, tamén debe expresarse nas oportunas convocatorias de concurso ou de libre designación.

Non obstante, clarificarase na memoria xustificativa e informe proposta que a posibilidade de apertura dos postos relacionados a persoal funcionario doutra administración materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo."

Dito informe forma parte do expediente de aprobación da Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2022, plenamente axustada á normativa vixente, tendo sido declarada a

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



forma de provisión dos postos de traballo como axustada a Dereito polos órganos xurisdiccionais competentes.

A maiores do anterior, e en forma complementaria, indícase que o Tribunal Supremo ten declarado recentemente (**STS 1884/2025- ECLI:ES:TS:2025:1884**) e no relativo á consideración dos servizos prestados -se ben con profundo alcance en materia de provisión- que (Fto. xco. Cuarto):

"las comisiones de servicios, aunque tengan una duración limitada en el tiempo, no son vínculos de carácter temporal sino un supuesto de provisión de puestos de quienes ya tiene un vínculo estable con la Administración. Así aparecen reguladas dentro del Capítulo IV del Título Tercero - artículo 64- del Real Decreto 364/1995. Además, el nombramiento para una vacante en el Cuerpo de Inspectores no puede ser considerado como un nombramiento de duración determinada a los efectos de la Directiva 1999/70 ya que, como ya ha dicho esta Sala (STS 540/2022, de 5 de mayo, dictada en recurso 7304/2020) "las previsiones de la misma son de aplicación a los empleados de duración determinada, de carácter temporal, pero no a los funcionarios de carrera que tienen legalmente reconocido el derecho a la inamovilidad."

O último dos motivos de recurso alegados ("*Cuarta.- Falta de negociación de las Bases rectoras impugnadas*") decae pola propia aplicación prioritaria e preferente da normativa de rango legal -en concreto, o art. 37.2, letra e) do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), e que determina expresamente, como **materia excuída da obriga de negociación colectiva**, "*la regulación y determinación concreta, en cada caso, de los sistemas, criterios, órganos y procedimientos de acceso al empleo público y la promoción profesional*".

Exclusión que efectúa, en igual senso e alcance, o art. 153, apartado 2, letra e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Amáis delo, indícase que a preferente aplicación dun acordo regulador de rango normativo inferior ao da lei que se pretende pola recorrente na aprobación das bases e convocatorias de provisión de postos de traballo reservados a persoal funcionario contravendría os principios constitucionais de xerarquía normativa, de seguridade xurídica, de legalidade e de interdicción da arbitrariedade que recolle o art. 9.3 da Constitución de 1978.

Non pode obviar a parte recorrente que art. 103.3 da mesma Norma constitucional determina que **o réxime estatutario dos funcionarios públicos regularase por norma con rango de lei**; réxime estatutario que, segundo a Real Academia da Lingua española (RAE)³ defínese como "**Adm. Conjunto de normas que regulan la función pública. La Constitución «ha optado por un régimen estatutario, con carácter general, para los servidores públicos» (STC 99/1987)**" e no cal se integra a carreira profesional dos funcionarios públicos, que conforma dereito individual dos mesmos legalmente recoñecido con carácter básico para toda a función pública no art. 14, letra c) do TRLEBEP (dereito á progresión na carreira profesional e á promoción interna)

De calquera xeito, déixase constancia da boa fe da Administración Municipal no proceso de diálogo social desenvolto en materia de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2

³ Diccionario panhispánico del español jurídico, <https://dpej.rae.es/lema/r%C3%A9gimen-estatutario>

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



actualmente en execución, e moi especialmente na aprobación da presente convocatoria e bases⁴, que respetan os criterios xerais sometidos a negociación colectiva e o marco normativo referencial de aplicación, e que son análogas ás bases tipo utilizadas polas funcionarias de carreira instrutoras dos expedientes administrativos de provisión definitiva dos postos de traballo A1 e A2 polo sistema de concurso específico (distribuídos por escalas de Administración Xeral e Especial, conforme ás resolucións administrativas dictadas); e que se corresponden, a salvo do punto indicado na nota ao pe núm. 3 e sometido a dobre audiencia da recorrente, con aquelas aprobadas nas convocatorias executadas ata o momento. Polo que a boa fe debe ser predicada, e predicable, de ambas partes negocias, e non só dunha delas.

O recurso a ameaza co exercicio de accións xudiciais recollida no quinto parágrafo do folio 6 -exercicio que conforma dereito que as Leis outorgan aos sindicatos, e que xa se exercen en forma habitual- non parece gardar coherencia coa ausencia de comparecencia no dobre trámite de audiencia previa efectuado pola Administración Municipal.

Podendo indicar que, obviamente, está a recorrente no seu dereito a exercer as accións legais que lle asisten en defensa dos dereitos dos seus representados legais -que se integran por **todo** o persoal municipal- indicando que non se axusta á verdade, pola parte que ten coñecemento a instrutora asinante, a afirmación de que *"se haya prescindido de otorgar toda posibilidad informativa, a los sindicatos con representación en la Mesa de Negociación, en relación con un asunto tan importante"*, como así consta documentado no expediente administrativo.

En atención ao exposto, o recurso debe ser íntegramente desestimado, xunto coa solicitude de suspensión formulada.

III.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE.

O art. 4.1., apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL) xa citada recoñécelle aos municipios, entre outras, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación, respectivamente.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da mesma norma básica.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025) e da Concelleira-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025) sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

"Primeiro.- Desestimar a solicitude de suspensión da execución do acto obxecto de impugnación formulada en recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 4 Lémbrese que consta a realización, xa detallada nos antecedentes, dun dobre trámite de audiencia ao sindicato recorrente no relativo ao único punto das bases que podería verse modificado, proposto pola Área de Xestión territorial e patrimonial, sen que conste a presentación de alegacións.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



data 6 de xuño do 2025, de aprobación das basees reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a de Museos municipais, polo procedemento de concurso específico (expediente electrónico nº 46.508-220) e citado no antecedente terceiro do presente acordo, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede

Segundo.- *Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño do 2025, de aprobación das basees reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a de Museos municipais, polo procedemento de concurso específico (expediente electrónico nº 46.508-220) e citado no antecedente terceiro do presente acordo, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede*

Terceiro.- *Notificar o presente acordo aos recorrentes e persoas interesadas, ás persoas designadas como instructoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e servizos xurídicos) e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.*

Cuarto.- *Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa"*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(537).- ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DA ACUARELA “PLACE OF CASTRELOS”. EXPTE. 7802/337.

Visto o informe xurídico do 07/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/06/2025, asinado polo director do Museo Quiñones de León, e conformado polo xefe do servizo de Museos, o concelleiro-delegado de Cultura e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Conforme á Lei 7/21 de 17 de febreiro de museos e outros centros museísticos de Galicia, Título I, artigo 3. a., é función dos museos “**A adquisición**, conservación, documentación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións e dos seus fondos.”

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en virtude do decreto da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño do 2024 polo que se establece a es-

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



trutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027 e o decreto da alcaldía do 28 de xuño de 2024 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das Area de Goberno e concelleiros delegados, ten entre as súas competencias en materia de museos:

“1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais (...)

2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión (...)

7.—Aprobación de programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos..), como acordos de préstamo temporal de elementos das mesmas.”

Con data 25.06.25 Peter Davies de nacionalidade británica número de pasaporte GBR ***357**6 dirixe escrito ó Concelleiro delegado de Cultura manifestando o seu desexo de doar á cidade de Vigo, para a súa exposición no museo, da seguinte obra de arte da súa colección.



Autor: Descoñecido/a (sobriña de Cecil Allanson?)

Técnica: Acuarela/papel

Dimensións: 40 x 30 cm

Data: 1925

Representa unha vista da torre dereita do pazo desde o xardín inglés aparezándose o cumio da garita que sobresaí entre os numerosos arbustos ornamentais.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



O cadro é obra dun afeccionado ou afeccionada, que asina con iniciais, podendo tratarse dunha sobriña de Cecil Allanson, terceiro marido de Maryanne Whyte, que realizou visita ó seu tío en Castrelos en 1925.

A obra resulta de enorme interese para o museo por tratarse da primeira representación plástica do pazo, feita por un/ha dos seus visitantes nesta década final do período de uso privado do pazo, o chamado periodo usufrutuario (1925-1935).

Dende un punto de vista botánico a representación é ademais moi minuciosa o cal permite identificar as especies vexetais que no momento do cadro había nese punto concreto do xardín.

A doazón faise en memoria da nai do doante Gerda Davies que apreciaba moito esta pintura.

Queda así plenamente xustificado o interese público e a conveniencia de aceptar a doazón da obra en beneficio do Concello de Vigo e con destino ao seu Museo Municipal "Quiñones de León".

O valor económico da obra é de 300 euros, atopase enmarcada e presenta no momento do presente informe aceptable estado de conservación.

Visto todo o cal; co informe xurídico favorable; e coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos; Concelleiro Delegado de Cultura; Concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

"Aceptar a doazón da acuarela "Palace of Castrelos" de autor descoñecido realizada por Peter Davies número de pasaporte GBR ***357**6; cuxa descrición obra no anexo; para o seu ingreso na colección de arte do Museo Municipal "Quiñones de León"; procedendo á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e á modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO. Obra ofertada en doazón.-



**18(538).- DAR CONTA
CONSERVACIÓN. EXPTE.**

Sométese a aprobación o i
Tesourería e Xestión de In
seguite:

AMENTO DE COTAS DE

25, asinado pola técnica de
te de Urbanismo, que di o

O día 10-04-2006, a Xunta de Goberno Local, acordou, entre outros, aplicar á xestión do Polígono 6 do PEPRI de Bouzas, o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11-12-2003 (BOP nº1 de 02-01-2004) e aprobar a constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada por escritura pública outorgada o 21-12-2005 ante o Notario do Ilustre. Colexio de Galicia, D. José M.^a Rueda Pérez, nº. 2.828 do seu protocolo.

O artigo 40.3 dos Estatutos da Xunta de Compensación establece que o pago das cotas realizárase no prazo máximo de dez días hábiles dende a data de notificación do requirimento que efectuará o Consello Reitor. A falta de pago no prazo sinalado, dará lugar á imposición dun recargo do interese básico do Banco de España incrementado en seis puntos. Transcorrido o prazo, poderase instar da Administración actuante a utilización da vía de constrinximento ou se instará a vía xudicial ordinaria para reclama-lo pago como débeda contraída coa Entidade.

O 22 de novembro de 2023, D. Andrés Fernández Sanmartín, Secretario da Xunta de Compensación, emite certificados das cotas adebedadas, con indicación das Asembleas nas que foron aprobadas ditas cotas, e o acordo de facultar ao Presidente da Xunta para instar a vía de apremio ante o Concello de Vigo, conforme ao procedemento previsto nos Estatutos da Xunta de Compensación e segundo liquidación que se acompaña como anexo a dita certificación.

En data 23 de novembro de 2023, D. Daniel José Ayuso Leno, Presidente da Xunta de Compensación do polígono VI PEPRI Bouzas, presenta escritos no rexistro da Xerencia, nos que solicita que se inicie a vía de constrinximento contra os propietarios que non pagaron as cotas de urbanización en período voluntario.

De conformidade coa base 48^a das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5^a das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes cotas de urbanización da Xunta de Compensación do polígono VI PEPRI Bouzas, que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

- J. A. Gestoso Álvarez (NIF ***3755**): 40.190,70 euros.
- Proarines 7, SL (CIF ***8239**): 20.095,35 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(539).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 3/2025 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO (CRÉDITO EXTRAORDINARIO). EXPTE. 17946/407.

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo do 08/07/2025 e o informe da intervención xeral do 03/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/06/2025, asinado polo xefe dos Servizos Centrais da XMU, e conformado polo xerente de Urbanismo e a concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

Vista a resolución da Vicepresidente e Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), emítese o seguinte informe:

1º) Os gastos que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización. Na memoria-incoación deste expediente exprésase o carácter específico e determinado do gasto.

2º) Dado o carácter inaprazable deste gastos e, ao mesmo tempo, necesario que sexan executados en este exercicio ou que, polo menos, sexa iniciada a súa execución.

3º) O importe de 11.000.000,00 euros destínase as seguintes partidas:

Partida	Concepto	Créd.inicial	Alta
1510.6000002	Expropiación parcela de AFAMSA	0,00 €	3.000.000,00 €
1510.2020000	Programa "VIGO ALUGA"	0,00 €	1.000.000,00 €
1510.6820000	Adquisición vivendas-baixos para vivendas públicas	0,00 €	2.500.000,00 €
1510.7400000	Constitución da Empresa Mpal Vivenda Vigo "EMVIGO"	0,00 €	4.500.000,00 €
1510.6320001	Acondicionamento local Oficina Mpal. Rehabilitación	0,00 €	215.000,00 €
		TOTAL = 11.215.000,00 €	

4º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 11.215.000,00 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

5º) O financiamento desta modificación realizarase mediante o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2024, segundo a Liquidación dese exercicio, era de 13.088.096,37 euros (resolución do Alcalde-Presidente de 11.02.2025, anexada ó expediente 17457/407). Deste importe utilizouse 1.302.575,53 euros no expediente de incorporación de remanentes (17498/407).

En consecuencia, proponse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo:

"Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 11.215.000,00 euros (modificación nº 03/2025 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo),

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao expresado neste informe-proposta”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación da actuación “Los 40 Summer Live 2025” dentro dos espectáculos de verán “Vigo en Festas 2025”. Expte. 10450/335.
- .- Autorización para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas nas praias do Concello de Vigo para os anos 2025 a 2028. Lotes 3,4,6,7,8,9,10 e 11. Expte. 18398/306.
- .- Dar conta das resolucións do TACGAL sobre os recursos especiais no expediente de contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo. Expte. 2212/441.
- .- Expediente de contratación do seguro colectivo de accidentes para as persoas voluntarias de Protección Civil, mediante adhesión ao Acordo marco de mediación de seguros privados da central de contratación da FEMP, lote 10. Expte. 1266/214.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



20(540).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN “LOS 40 SUMMER LIVE 2025” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN “VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10450/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 09/07/2025 e o informe de fiscalización do 10/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/07/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola Secretaria de Administración Municipal e Concelleira de Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 11 de xuño de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo “LOS 40 SUMMER LIVE 2025” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 11 de xuño de 2025.



- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2025".
- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025", no marco do expediente 10333-335.
- Con data 21 de maio de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha segunda programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a de "LOS 40 SUMMER LIVE 2025".
- Memoria económica de data 12 de xuño de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 17 de xuño de 2025 (operación nº 12025000079879-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 24 de xuño de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 3 de xullo de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).



- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 3 de xullo de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 3 de xullo de 2025, que SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN, S.L.U. (SER) é titular da marca "LOS 40", rexistrada na Oficina Española de Patentes y Marcas, co número M2534427. D. José Antonio Carbonero Santos ostenta a condición de representante da SER, tal e como se desprende da escritura outorgada ante o notario D. Alfonso Madridejos Fernández, de data 3 de maio de 2022. Así mesmo, queda acreditado que, na súa cualidade de representante, cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto "LOS 40 SUMMER LIVE 2025" no entorno da Praza Prudencio Rodríguez en COIA o 6 de agosto de 2025 a RADIO VIGO, S.A., en escrito de data 9 de xuño de 2025. Consta así mesmo acreditado o poder de representación de D. Eugenio Luciano González de Haz y Díaz Castroverde para actuar en nome e representación de RADIO VIGO, S.A.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 3 de xullo de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que RADIO VIGO, S.A., tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación da actuación “LOS 40 SUMMER LIVE 2025” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 24 de xuño de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 3 de xullo de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 42.350,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 35.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(541).- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA: QUIOSCOS EXPENDEDORES DE COMIDAS E BEBIDAS NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO PARA OS ANOS 2025 A 2028. LOTES 3,4,6,7,8,9,10 E 11. EXPTE. 18398/306.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 10/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 09/07/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas nas praias do concello de Vigo para os anos 2025 a 2028 (18398-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento para a autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas nas praias do concello de Vigo para os anos 2025 a 2028 (18398-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 18398/306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do concello de Vigo para os anos 2025 a 2028.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas, cos seus anexos, para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do Concello de Vigo para os anos 2025 a 2028, asinado dixitalmente pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de maio de 2025.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación”.



Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 27 de xuño de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para outorgamento da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas nas praias do concello de Vigo para os anos 2025 a 2028 (18.398-306) na seguinte orde decrecente:

- LOTE 2, quiosco situado no areal de Santa Baia (Alcabre):

1º.- TRIBUNA VIGO 2020, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

2º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 90,05 puntos, un canon anual de 33.500,10 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

- LOTE 3, quiosco situado no areal do Tombo do Gato:

1º.- JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ, con 100 puntos, un canon anual de 13.528,28 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

- LOTE 4, quiosco situado no areal do Tombo do Gato:

1º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 31.500,10 euros e modelo de quiosco “tipo 2”.

2º.- TRIBUNA VIGO 2020, S.L., con 83,17 puntos, un canon anual de 26.199,00 euros e modelo de quiosco “tipo 2”.

- LOTE 5, quiosco situado no areal de Argazada:

1º.- TRIBUNA VIGO 2020, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 88,11 puntos, un canon anual de 32.779,00 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

3º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 66,59 puntos, un canon anual de 24.772,10 euros e elixe o modelo de quiosco “tipo 1”.

- LOTE 6, quiosco situado no areal de Samil:

1º.- SUNSET VIBES, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 74,67 puntos, un canon anual de 27.779,00 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

3º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 66,59 puntos, un canon anual de 24.772,10 euros e modelo de quiosco “tipo 1”.

- LOTE 7, quiosco no areal de Samil:

1º.- SUNSET VIBES, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e elixe o modelo de quiosco “tipo 1”.



2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 74,67 puntos, un canon anual de 27.779,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

- LOTE 8, quiosco do areal de Samil:

1º.- JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ, con 100 puntos, un canon anual de 31.528,28 euros e modelo de quiosco "tipo 3".

2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 91,27 puntos, cun canon anual de 28.779,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

- LOTE 9, quiosco situado no areal do Vao:

1º.- SUNSET VIBES, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 37.199,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

2º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 77,36 puntos, un canon anual de 28.779,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

3º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 66,59 euros, un canon anual de 24.772,10 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

- LOTE 10, quiosco situado no areal do Vao:

1º.- SUNSET VIBES, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 22.199,00 euros e modelo de quiosco "tipo 1".

- LOTE 11, quiosco situado no areal da Etea:

1º.- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., con 100 puntos, un canon anual de 31.500,10 euros e modelo de quiosco "tipo 4".

2º.- XOSÉ MARÍA MIGUENS GONZALVES, con 95,55 puntos, un canon anual de 30.100,00 euros e modelo de quiosco "tipo 2".

3º.- MANUEL LAGO CHAPELA, con 91,36 puntos, un canon anual de 28.779,00 euros e modelo de quiosco "tipo 2".

4º.- TRIBUNA VIGO 2020, S.L., con 83,17 puntos, un canon anual de 26.199,00 euros e modelo de quiosco "tipo 2".

Segundo.- Requirir aos clasificados en primeiro lugar, TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (lotes 2 e 5), D. Jesús Alberto Sousa Rodríguez (lotes 3 e 8), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 4 e 11) e SUNSET VIBES, S.L. (lotes 6, 7, 9 e 10), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (cláusula décima do PCAP e artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):
 - Documentos acreditativos da personalidade xurídica (os empresarios individuais copia do DNI e os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda)



- *Documentos acreditativos da representación (cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba/n a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do/s apoderado/s)*
- 3. *Resgardo da garantía definitiva esixible na cláusula undécima do PCAP por importe de 1.200 euros por lote.*
- 4. *Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (lotes 3 e 8), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL (lotes 4 e 11) e SUNSET VIBES, SL (lotes 6, 7, 9 e 10), o día 30 de xuño de 2025, que presentan a documentación requirida o JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ e ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL, o 1 de xullo de 2025, e SUNSET VIBES, SL os días 2 e 3 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (lotes 3 e 8)

- Copia do DNI.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificado positivo de débedas da ATRIGA.
- Xustificante de ingresos por un importe de 1.200,00 euros por lote que cobren as garantías definitivas requiridas para os lotes 3 e 8.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL (lotes 4 e 11)

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de nomeamento do seu representante e o seu DNI.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificado positivo de débedas da ATRIGA.
- Xustificante de transferencias por un importe de 1.200,00 euros por lote que cobren as garantías definitivas requiridas para os lotes 4 e 11, figurando os correspondentes documentos de Tesourería no expediente.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

- SUNSET VIBES, SL (lotes 6, 7, 9 e 10)

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de nomeamento do seu representante, figurando no expediente o seu DNI.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Certificado positivo de débedas da ATRIGA.
- Xustificante de ingreso por un importe de 4.800,00 euros por lote que cobre as garantías definitivas requiridas para os lotes 6, 7, 9 e 10.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada polas licitadoras e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (lotes 3 e 8), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL (lotes 4 e 11) e SUNSET VIBES, SL (lotes 6, 7, 9 e 10), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar as correspondentes autorizacións.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor dos licitadores que teñan presentado as mellores ofertas, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosa para a administración contratante son as formuladas por JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (lotes 3 e 8), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL (lotes 4 e 11) e SUNSET VIBES, SL (lotes 6, 7, 9 e 10), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 27 de xuño de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo na súa sesión de data 9 de xullo de 2025: “Aceptar a renuncia de TRIBUNA VIGO 2020, SL para os lotes 2 (“quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre) sinalado co nº 2 nos planos do Anexo II”) e 5 (“quiosco do areal de Argazada sinalado co nº 5 nos planos do Anexo II”)”

Segundo.- Autorizar a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas nas praias do Concello de Vigo para os anos 2025 a 2028 (18398-306) aos seguintes licitadores e coas seguintes condicións:

- a) Lote 3 (“quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 3 nos planos do Anexo II) e lote 8 (“quiosco do areal de Samil sinalado co nº 8 nos planos do Anexo II”): autorízase a JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ
 - Por un canon de:
 - Lote 3: 13.528,28 euros
 - Lote 8: 31.528,28 euros
 - Co seguinte modelo de quiosco:
 - Lote 3: tipo 1
 - Lote 8: tipo 3
- b) Lote 4 (“quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4 nos planos do Anexo II”) e lote 11 (“quiosco do areal da Etea sinalado co nº 11 nos planos do Anexo II”): autorízase a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, SL:
 - Por un canon de:
 - Lote 4: 31.500,10 euros
 - Lote 11: 31.500,10 euros
 - Co seguinte modelo de quiosco:
 - Lote 4: tipo 2
 - Lote 11: tipo 4
- c) Lote 6 (“quiosco do areal de Samil sinalado co nº 6 nos planos do Anexo II”), lote 7 (“quiosco do areal de Samil sinalado co nº 7 nos planos do Anexo II”), lote 9 (“quiosco situado no areal do Vao que se corresponde co nº 9 nos planos do Anexo II”) e lote 10 (“quiosco do areal do Vao sinalado co nº 10 nos planos do Anexo II”): autorízase a SUNSET VIBES, SL:
 - Por un canon de:
 - Lote 6: 37.199,00 euros
 - Lote 7: 37.199,00 euros
 - Lote 9: 37.199,00 euros
 - Lote 10: 22.199,00 euros
 - Co seguinte modelo de quiosco:

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Lote 6: tipo 1
- Lote 7: tipo 1
- Lote 9: tipo 1
- Lote 10: tipo 1

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(542).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO TACGAL SOBRE OS RECURSOS ESPECIAIS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO PAVIMENTO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2212/441.

A) Resolución nº 121/2025 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), interposto por AGEINCO ASOCIACIÓN CLÚSTER DE INGENIERÍA, CONSULTORÍA Y SERVICIOS TECNOLÓGICOS DE GALICIA.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/07/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

“1º Tomar razón da Resolución nº 121/2025 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 112/2025, interposto interposto polo AGEINCO ASOCIACIÓN CLÚSTER DE INGENIERÍA, CONSULTORÍA Y SERVICIOS TECNOLÓGICOS DE GALICIA contra os pregos da contratación do servizo de redacción de los proyectos de ejecución de las obras de `renovación del pavimento en distintas vías del casco urbano y de las parroquias del Concello de Vigo, expediente 2212-441. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“1. Desestimar o recurso interposto por AGEINCO ASOCIACIÓN CLÚSTER DE INGENIERÍA, CONSULTORÍA Y SERVICIOS TECNOLÓGICOS DE GALICIA contra os pregos da contratación da redacción dos proxectos de execución das obras de

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



“Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo”, integrado por 2 lotes, expediente 2212-441 dese Concello .

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP”.

2º- Dar traslado a Area de Contratación e Novos Proxectos para a execución do acordado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) Resolución nº 122/2025 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), interposto polo COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/07/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

“1º Tomar razón da Resolución nº 122/2025 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 112/2025, interposto interposto polo COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA contra os pregos da contratación do servizo de redacción de los proyectos de ejecución de las obras de `renovación del pavimento en distintas vías del casco urbano y de las parroquias del Concello de Vigo, expediente 2212-441. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“1. Desestimar o recurso interposto polo COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA contra os pregos da licitación denominada “Servicio de redacción de los proyectos de ejecución de las obras de `renovación del pavimento en distintas vías del casco urbano y de las parroquias del Concello de Vigo”, expediente 2212/441, licitado polo devandito Concello.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP”.

2º- Dar traslado a Area de Contratación e Novos Proxectos para a execución do acordado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.



ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(543).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA AS PERSOAS VOLUNTARIAS DE PROTECCIÓN CIVIL, MEDIANTE ADHESIÓN AO ACORDO MARCO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP, LOTE 10 . EXPTE. 1266/214.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 11/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou:

“PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos”.

Terceiro.- A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes, sendo o lote 10 relativo a **“SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA ENTIDADES LOCAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTES DEPENDENTES ”**.

O citado lote 10 do acordo marco foi adxudicado a SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA, MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA y AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA e está en vigor dende o 28 de novembro de 2024. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. De acordo co establecido no PCAP e PPT e demais documentación que consta no expediente, este contrato celébrase en tempo e forma.

Cuarto.- Mediante resolución de 4 de abril de 2024 a concelleira delegada da Área de Contratación acordou iniciar o expediente para a adhesión ao Acordo Marco da FEMP para a contratación de servizos de mediación de seguros privados do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos”, nos termos que correspondan consonte á normativa vixente.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de mediación de riscos e seguros para o Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos.

Segundo.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de riscos e seguros formalizado pola Central de Contratación da FEMP con data 19 de abril de 2024 de acordo coas seguintes características e distribución por lotes:

[...] Lote 3: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas

Adxudicatario: UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L

Comisión ofertada: 11%.

Valor estimado do contrato para este lote: 151.801,75 euros

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsables do contrato: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas a xefa da área de Recursos Humanos. No ámbito do seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias: o Adxunto Xefe do Servizo de Deportes-Director Técnico [...]"

Sexto.- O 28 de maio de 2025 a concelleira da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal acordou iniciar o expediente de contratación dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para a actividade desenvolvida polas persoas voluntarias de Protección Civil.

Sétimo.- En data 28 de maio de 2025 procedeuse a enviar documento de invitación ás empresas adxudicatarias do lote 10 a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

Oitavo.- Recibidas as ofertas dentro do prazo conferido para o efecto, procedeuse á súa valoración pola empresa adxudicataria do contrato baseado de mediación de riscos e seguros, UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L, conforme aos criterios de adxudicación e a súa ponderación establecidos na cláusula 21.2 do PCAP. O informe de valoración foi anexado ao xestor de expedientes no trámite 16. Á vista do mesmo, o licitador que obtén a maior puntuación é **SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA**.

Noveno.- Constan no expediente o documento contable de retención de crédito, de data 2 de xullo de 2025 (RC nº 12025000086263 por importe de 2.150,00 euros) así como os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Tesourería municipal) e coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Do expediente de contratación

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade del contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O contrato baseado terá unha duración de 1 ano, contemplándose unha prórroga de 1 ano.

Constan no expediente o certificado de existencia de crédito de data 2 de xullo de 2025.

-II-

Do acordo marco

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros. O lote 10 relativo ao **SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA ENTIDADES LOCAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTES DEPENDENTES** ".foi adxudicado a SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA, MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA y AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA e está en vigor dende o 28 de novembro de 2024. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. En este segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros da FEMP na actualidade está vixente.
2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinariamente partes nel, salvo no caso de



que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.

3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP).
4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP).

Tal e como determina o artigo 36.3 da LCSP os contratos baseados nun acordo marco perfecciónanse coa súa adxudicación.

-III-

COMPETENCIA

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa.

ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar este expediente de contratación do SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA AS PERSOAS VOLUNTARIAS DE PROTECCIÓN CIVIL, mediante adhesión ao acordo marco de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 10 SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA ENTIDADES LOCAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTES DEPENDENTES.

Segundo.- Adxudicar a SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA o contrato do seguro COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA AS PERSOAS VOLUNTARIAS DE PROTECCIÓN CIVIL baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 10 SEGURO DE ACCIDENTES PARA AS ENTIDADES LOCAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTES DEPENDENTES.

**SERVIZO DE
TURISMO**

**CONCELLERIA DE
TURISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Terceiro.- O importe máximo do contrato é de 1.155,90 € euros, segundo consta na memoria económica do servizo xestor.

Cuarto.- O contrato baseado terá unha duración de 1 ano, contemplándose unha prórroga de 1 ano, e iniciárase ás 00:00 do día 12 de xullo de 2025 ata as 24:00 horas do 11 de xullo de 2026.

Quinto.- Autorízase e comprométese o gasto por un importe de 1.155,90 euros que se imputará á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2025, 1350 2240000 "SEGURO VOLUNTARIOS/AS" e con cargo á bolsa de vinculación se fose preciso.

Anualidade	Importe (exento IVE)
2025	1.155,90 euros

Sexto.- Noméase responsable do contrato baseado ao xefe da área de Seguridade".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(544).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez